

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de maio de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día catorce de maio de dous mil sete e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(806).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 11/1527, 11/1529, 11/1389, 23/1408, 21/589, 3/1484, 14/1575, 1/1826, 2/1517, 2/1318, 1/1924; DENEGACIÓN EXPTE. 1/1924.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Julia Martínez Pérez. Expte. 11/1527.
- D. Manuel Pardavilla Carreras. Expte. 11/1529.
- D^a. Josefa Rodríguez Varela. Expte. 11/1389.
- D. Jesús Galgo Rubido. Expte. 23/1408.
- D^a. M^a Pilar Fernández Mediano. Expte. 21/589.
- D^a. Pilar Amadora Herbello García. Expte. 3/1484/301.
- D^a. Josefa Martínez Casales. Expte. 14/1575.
- D^a. Carmen Rodríguez Alonso. Expte. 1/1826.
- D^a. Irene Iglesias Freiria. Expte. 2/1517.
- D^a. Hermelinada Sierpes Martínez. Expte. 2/1318.

b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Francisco Santos Mariño. Expte. 1/1924.

2(807).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE PINO MINAFRA “SUD ENSEMBLE” PARA O FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS 07”. EXPTE. 10207/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 25.04.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de PINO MINAFRA “SUD ENSEMBLE”, o día 30 de xuño, ás 23,00 horas, na praza do Rei, dentro do programa do *Festival Internacional de Jazz “Imaxina Sons’07”*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 20.648.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a NORDESÍA PRODUCCIONES S.L., con CIF B-15547235.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
PINO MINAFRA “SUD ENSEMBLE”
Festival de Jazz de Vigo “IMAXINA SONS’07”*

En Vigo, o XXXX de XXXXXXXX de 2007

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33281887-W, en calidade de ADMINISTRADOR e en representación da empresa denominada NORDESÍA PRODUCCIONES S.L., CIF B-15547235, con domicilio social na cidade de Santiago, rúa Galeras, 17, 2º of. 5, CP 15705; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do grupo PINO MINAFRA “SUD ENSEMBLE”, no sucesivo O ARTISTA, o sábado 30 xuño de 2007, ás 23,00 horas, no recinto ao aire libre denominado Praza do Rei situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS’07”, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 17.800.- Euros máis 2.848.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 20.648.-Euros (VINTE MIL SEISCENTOS CORENTA E OITO), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Nordesía Producións S.L., que lle será entregado a Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33.281.887-W ou persoa en quen delegue previa comunicación escrita ao CONCELLO, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADA

SEXTA.- O recinto da actuación é de aforo indefinido, e a entrada será libre e gratuíta. De todos modos, O CONCELLO instalará un total de 800 cadeiras para o público.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxeto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxetos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'07 está patrocinado a nivel xeral pola entidade FUNDACIÓN CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a S.A. de Xestión do Plan do Xacobeo, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as tres horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA, un escenario que reunirá as seguintes características:

Dimensións: 10 m. de fronte, 8 m. de fondo e unha altura máxima dende o chan de 1'20 m. O escenario non está cuberto.

Capacidade de carga: 500 kg/m².

Accesos: o escenario estará provisto dunha sólida escaleira e dunha rampa adecuada para a carga e descarga dos equipos.

Outras características: o escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que, instalado por profesionais, cumpra as normas de seguridade vixentes.

Plataformas de son: adosadas a ambos lados do escenario, de 2 m x 2 m x 8 m para o volado dos equipos, tendo unha delas unha planchada até o fondo para a colocación da sesa de monotiraxe.

3. CADEIRAS.

O CONCELLO instalará 800 cadeiras para a súa utilización por parte dos espectadores, estando debidamente montadas alomenos unha hora antes do comezo do concerto.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para a celebración do concerto serán a cargo do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Descrición.- Unha toma de corrente mediante xenerador cun cadro interruptor con diferencial e todas as proteccións regulamentarias, tres fases (380 voltios), neutro e toma de terra (en tomas embornadas), para unha potencia de 80.000 watios.

Situación.- A toma estará a pé de escenario.

As instalacións eléctricas do lugar do concerto axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun local a modo de camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos químicos, luz eléctrica, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

6. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o catering, que de forma xeral consistirá en: auga mineral, refrescos, bocadillos variados, frutos secos, café e té.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

7. VEHÍCULOS.

O CONCELLO facilitará o acceso dos vehículos que transporten o equipo do ARTISTA até o escenario a fin de poder cargalo e decargalo. Finalizados os traballos de carga e descarga, A AXENCIA deberá retirar os vehículos.

8. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de CATRO persoas para tarefas de carga e descarga dos equipos; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo; o persoal volverá a estar dispoñible inmediatamente despois da finalización do concerto para a carga.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

10. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

En todo momento á zona de backstage só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de comezo da actuación, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes do comezo da actuación.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación de 18 a 20 horas, ou no horario que se determine polo CONCELLO.

11.3. HORARIO.

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público, momento no que entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto

Ámbalas dúas partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

3(808).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE HENRI TEIXER STRADA SEXTET PARA O FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS 07”. EXPTE. 10211/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 25.04.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de HENRI TEXIER STRADA SEXTET, o día 28 de xuño, ás 21,00 horas, no auditorio do Concello , dentro do programa do *Festival Internacional de Jazz “Imaxina Sons’07”*.

2º.- Que se faculte ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 21.460.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., con CIF B-36743755.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
HENRI TEXIER STRADA SEXTET -Festival de Jazz de Vigo "IMAXINA SONS'07"*

En Vigo, o XXXX de XXXXXXXX de 2007

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, en calidade de ADMINISTRADOR ÚNICO e en representación da empresa denominada PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., CIF B-36743755, con domicilio social na cidade de Vigo, rúa Policarpo Sanz, 22, 2º of. 9, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do grupo HENRI TEXIER STRADA SEXTET, no sucesivo O ARTISTA, o xoves 28 xuño de 2007, ás 21,00 horas, no recinto denominado auditorio do Concello situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos e máxima de 120 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'07", que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 18.500.- Euros máis 2.960.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 21.460.-Euros (VINTEUN MIL CATROCIENTOS SESENTA), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Producción e Xestión Cultural S.L., que lle será entregado a Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, ou persoa en quen delegue previa comunicación escrita ao CONCELLO, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O CONCELLO porá á venda un aforo de 298 butacas, a un prezo unitario de 3.-€ e será o total bebeficiario da recaudación; así mesmo, entregará 10 invitacións á AXENCIA.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxeto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxetos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxeto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'07 está patrocinado a nivel xeral pola entidade FUNDACIÓN CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a S.A. de Xestión do Plan do Xacobeo, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá

cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que poideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as tres horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

1. INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará os seus propios elementos de escenario, equipos de son e iluminación

1.4 RECINTO E INSTALACIÓN S.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para a celebración do concerto serán a cargo do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Descrición.- Unha toma de corrente cun cadro interruptor con diferencial e todas as proteccións regulamentarias, tres fases (380 voltios), neutro e toma de terra (en tomas embornadas), para unha potencia de 70.000 watios.

Situación.- A toma estará a pé de escenario.

As instalacións eléctricas do lugar do concerto axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

3. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun local a modo de camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos, luz eléctrica, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

4. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o catering, que de forma xeral consistirá en: auga mineral, refrescos, bocadillos variados, frutos secos, café e tés.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

5. VEHÍCULOS.

O CONCELLO facilitará o acceso dos vehículos que transporten o equipo do ARTISTA até o escenario a fin de poder cargalo e decargalo. Finalizados os traballos de carga e descarga, A AXENCIA deberá retirar os vehículos.

6. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

7. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

7.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

7.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de CATRO persoas para tarefas de carga e descarga dos equipos; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo; o persoal volverá a estar dispoñible inmediatamente despois da finalización do concerto para a carga.

7.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

7.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

En todo momento á zona de backstage só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de comezo da actuación, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes do comezo da actuación.

9. ACTUACIÓN E ENSAIO.

9.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

9.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación de 16 a 18 horas, ou no horario que dende o CONCELLO se determine.

9.3. HORARIO.

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público, momento no que entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

10. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

4(809).- PROXECTO DE CONVENIO CO CLUB DE CAMPO PARA A CELEBRACIÓN DO CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO 2007. EXPTE. 6868/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 16.02.07, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.02.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar o carácter de interese social do CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO 2007, consonte no disposto no artigo 22 2c da LXS.

2º.- Aprobación do texto do convenio para a celebración do CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO, que terá lugar do 4 ó 12 de agosto de 2007, entre o Concello de Vigo e o Club de Campo, que se adxunta o presente expediente.

3º.- Aprobar o gasto de 15.000 euros a favor da entidade Club de Campo de Vigo CIF: G-36613685. Con enderezo en Xunqueira do Bao - Vigo (c/c: 76 2080 0000 76 0040109952 con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente presuposto.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB DE CAMPO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DO CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO-2007

No Concello de Vigo, a de de dous mil sete.

Dunha parte: Dna. Lucia Molares Perez, Concelleira-Delegada da area de Promoción Economica e Desenvolvemento Local.

E doutra: D.Manuel Sanjurjo Blein, con DNI 35928139-T en nome e representación do Club de Campo de Vigo.

Ámbalas dúas partes reconécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Concurso Internacional de Tenis Cidade de Vigo que con grande éxito vense celebrando dende hai varias edicións, o Excmo. Concello de Vigo e o Club de Campo conveñen a realización do mesmo durante o ano de 2007, nos seguintes termos:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo paro a o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS. Dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de público.

Por outra banda é a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver a Concurso Internacional de Tenis é o Club de Campo de Vigo, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrència.

A concesión da subvención que regula este convenio non se axusta ós principios de publicidade e concorrència pública, dado que o Club de Campo de Vigo é o unico organizador do Concurso Internacional de tenis Cidade de Vigo-2007.

O Club de Campo de Vigo para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

SEGUNDA.- O Excmo. Concello de Vigo comprometése a:

- 2.1.- Autorizar a organización do CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO ó Club De Campo de Vigo ós días 4 ó 12 de agosto de 2007.*
- 2.2.- Aboar o Club de Campo de Vigo os gastos relacionados coa organización e celebración do CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO por unha cantidade de 15.000 euros, con cargo á partida 4521.489.00.01 “Convenios Subvencións Actividades Deportivas”.*

TERCEIRA.- O Club de Campo de Vigo, asume as seguintes obrigas:

- 3.1.- Organizar o Torneo Internacional de Tenis Cidade de Vigo 2007.*
- 3.2.- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento.*
- 3.3.- Entre os idiomas utilizados para a promoción deste evento terá que aparecer necesariamente o galego.*
- 3.4.- Entre tódala información e publicidade do evento figurará o logo da Concelleira de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*
- 3.5.- Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio.*
- 3.6.- Responder da veracidade dos datos da solicitude.*
- 3.7.- A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.*
- 3.8.- A organización porá a disposición da Concellería de Deportes un mínimo de 100 invitacións para promover o evento entre os xoves da cidade.*

CUARTA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servicio de Deportes da Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Exmo. Concello de Vigo.

A Concellería de Promoción económica e desenvolvemento local, a través do Servicio de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte do Club de Campo de Vigo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servicio de Deportes, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

QUINTA: Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado polo Club de Campo de Vigo.

A subvención aboárase nun único pago tras a celebración do evento deportivo. O beneficiario xustificará a concesión outorgada coa presentación dunha conta xustificativa que contendrá:

.- Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acredor, concepto de gasto, importe e data de emisión.

.- Facturas orixinais do gasto incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade deportiva.

.- Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.

O técnico do Servicio de Deportes encargado do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

SEXTA: Así mesmo, acordan de se lo caso, que todos os ingresos provintes do referido Concurso Internacional de Tenis de Vigo, serán percibidos en beneficio do Club de Campo de Vigo.

SEPTIMA: A Vixencia do presente convenio é para a realización do CONCURSO INTERNACIONAL DE TENIS 2007.

- OITAVA: *A Concelleira delegada da area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio*
- NOVENA: *As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.*
- DECIMA: *A entidade Club de Campo de Vigo, deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do Concurso Internacional de Tenis.*

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.

5(810).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DO MAGOSTO 2007 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2234/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, de 23.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Festas e Animación Sociocultural, do 4.04.07, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, para a colaboración na organización do Magosto 2007 do Concello de Vigo que terá lugar no mes de outubro de 2007.

2º.- Que se faculte ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 18.380.-€, (deza e oito mil trescentos oitenta) que incluírá todos os conceptos recollidos na base cuarta e que se financiará con cargo a partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas), do programa orzamentario da Concellería de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DO MAGOSTO 2007 DO CONCELLO DE VIGO.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro da Área de Asuntos Sociais e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en diante O CONCELLO.

E doutra,

D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.

En adiante, "Comisión organizadora".

MANIFESTAN

1. Que o MAGOSTO 2007 DO CONCELLO DE VIGO é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se ven celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.
2. Que o Concello de Vigo leva a cabo a organización deste evento a través da Federación de Peñas Recreativas El Olivo, entidade que ademais dos traballos organizativos, realizan unha importante labor de recuperación e impulso da festividade.
3. Que a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural non dispón dos recursos materias e humanos suficientes para a organización de dito evento. Non esta previsto ademais na Relación de Posto de Traballo do Concello de Vigo a ampliación de dita plantilla coa incorporación de persoal adecuado para desenvolvemento das actividades.
4. Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.
5. Que a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" está inscrita no Rexistro Municipal de Asociación e Entidades co número 143/90 e ten entre a súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a organización do MAGOSTO 2007 DO CONCELLO DE VIGO, segundo o programa de actividades que figura no anexo I.

SEGUNDA.- A programación do MAGOSTO 2007 DO CONCELLO DE VIGO levarase a cabo na cidade de Vigo no mes de outubro de 2007 na Praza do Berbés.

TERCEIRA.- O orzamento xeral do convenio para o MAGOSTO 2007 DO CONCELLO DE VIGO, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 18.380 -euros (dezaoito mil trescentos oitenta), que se financiarán con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa orzamentario da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo II deste convenio.

CUARTA.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1.-Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que figura no anexo I, e que foi confeccionado pola comisión organizadora. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

> Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”:

Juan Carlos Padín Nieto.

Raul Vila Caride.

> En representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, a técnica responsable do servizo de Festas e Animación Sociocultural.

2.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3.- Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.

4.- Contratar tódolos elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa (compra das castañas e viño, etc.)

5.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas e Animación Sociocultural, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse a lo menos 500 carteis e pantacartas exteriores.

6.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

7.- Asumir tódolos seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

8. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

9. Presentar na Concellería de Festas e Animación Sociocultural a memoria do programa do MAGOSTO 2007 DO CONCELO DE VIGO dentro dos dez días hábiles seguintes a súa finalización, onde figurarán, como mínimo os seguintes datos: participación, memoria de prensa, un rexistro fotográfico, parte xeral de incidencias e balance económico.

10. Asumir a edición do material gráfico da programación do MAGOSTO DO CONCELLO DE VIGO 2007 para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural.

11. Deberán obter tódolos permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídos no programa (se fora o caso), os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.

13. Asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

14. Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural.

QUINTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade de 18.380.-euros (deza e oito mil trescentos oitenta euros), para financiar a realización o MAGOSTO 2007 DO CONCELLO DE VIGO, segundo o presuposto que figura no anexo II.

SEXTA.- A participación en tódalas actividades previstas no MAGOSTO 2007 DO CONCELLO DE VIGO serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ó aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural nas propias actividades que se determinen.

OITAVA.- A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas íntegramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán íntegramente en idioma galego.

O logotipo e anagrama do Concello de Vigo, Concellaría de Festas e Animación Sociocultural figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Festas e Animación Sociocultural.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ó público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.

NOVENA.- O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade de 18.380 euros (deza e oito mil trescentos oitenta euros) previa presentación da correspondente solicitude de pagamento e da memoria-avaliación da actividade realización que terá que incluír a lo menos a seguinte documentación:

Número de asistentes.

Un exemplar de cada impreso editado.

Parte de incidencias.

Dossier de prensa

Balance económico: xustificación de ingresos e gastos.

O pagamento se realizará do seguinte xeito: 18.380.-euros (deza e oito mil trescentos oitenta euros) euros mediante transferencia bancaria á conta corrente nº 2080.0020.0040023628, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas El Olivo CIF:: G 36.704.666 e número de inscrición no Rexistro Municipal 143/90, previa certificación da responsable técnica da Concellería de Festas e Animación Sociocultural do cumprimento do clausulado do presente convenio.

DÉCIMA.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no anexo II e cos prorrateos ós que houbese lugar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007, e non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,

6(811).-PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2007. EXPTE. 2238/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 3.05.07, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 30.04.07, conformado polo concelleiro de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de modelo de contrato para contratación dos espectáculos e actividades do programa das Festas do Cristo da Victoria 2007.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural a asinar todos os contratos dos espectáculos de música, teatro e danza que se inclúan no programa das “Festas do Cristo da Victoria 2007”.

3º.- Que o pagamento dos contratos realizados en base a este proxecto se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2007.

Vigo, o de de dous mil seis.

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D/Dna..... (apoderado/a, administrador/a único/a...) e que actúa en nome da empresa denominada

CIF, e con enderezo da cidade de, CP

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do artista/grupo , no sucesivo O/A ARTISTA, o día de..... de 2007, ás horas no recinto denominado , situado en , cunha duración mínima de minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de (CIFRA) euros máis o 16% de IVE, o que fai un total de (CIFRA) (EN LETRA).- euros, en concepto da actuación do/a ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a D/Dna..... , NIF..... momentos antes do comezo da actuación, co/a ARTISTA no recinto, tras a chegada de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- - O local da actuación dispón dun aforo de (CIFRA) espectadores (sentados ou de pé). O CONCELLO porá á venda (CIFRA) entradas ao prezo de (CIFRA).-euros cada unha e será beneficiario da total recadación; tamén realizará (CIFRA) invitacións das que entregará (CIFRA) á AXENCIA.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co/coa ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co/coa ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as (CIFRA) horas do día da actuación ata (CIFRA) horas despois do final da actuación do/da ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O/A ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle ao/á ARTISTA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do/da ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo constará de ----- watos de son e de ----- watos de iluminación.

REFORZO.-

O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son, debido ás características do lugar de actuación.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do/da ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

Dimensións mínimas.- (NÚMERO) m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e unha altura dende o chan de (NÚMERO) m. O escenario si/non está cuberto.

Capacidade de carga.- (CIFRA) kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario (*backstage”).

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

Dimensións.- (NÚMERO)m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e dous niveis, situados a (NÚMERO) e a (NÚMERO) m do chán.

Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.

Capacidade de carga.- (NÚMERO) kg/m² en cada nivel.

2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Así mesmo, a (NÚMERO) m do escenario, haberá unha plataforma de (NÚMERO) m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e unha altura de (NÚMERO) m nun tramo de (NÚMERO) m de fondo e de (NÚMERO) m para o tramo máis alonxado do escenario.

Situación.- A (NÚMERO) m do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- (NÚMERO) Kg/m².

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-

MERCADOTECNIA.-

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Potencia.- (NÚMERO) tomas de corrente independentes; unha de XXX voltios e XX Kwatios, outra toma de XXX voltios e XXX Kwatios.

Situación.- As tomas estarán a ambos lados do escenario e a (NÚMERO) metros dende o seu centro.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao/á ARTISTA de (NÚMERO) camerinos de uso exclusivo, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este; terá capacidade suficiente para un total de (NÚMERO) persoas.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do/da ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao/á ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do/da ARTISTA , dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "catering":

Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos/ás técnicos/as:

20 litros ao comezo da montaxe

10 litros ao comezo das probas de son

20 litros ao comezo da desmontaxe.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de (NÚMERO) vehículos do/da ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do/da ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do/da ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de (NÚMERO) persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga. O total de horas de traballo do equipo estímase en (NÚMERO) horas.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...)

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsabeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O/A ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende (NÚMERO) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por (NÚMERO) persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.
(NÚMERO) membros DETRÁS DO ESCENARIO.
(NÚMERO) membros DIANTE DO ESCENARIO.
(NÚMERO) membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.
(NÚMERO) membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.
(NÚMERO) membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA
APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de (NÚMERO) horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricta puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ás (NÚMERO) horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do/da ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO, antes do día ---- de -----de 2004, o seguinte material publicitario do/da ARTISTA:

CARTEIS.- (NÚMERO) unidades, dimensións (largo, longo).

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

7(812).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN E COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE. EXPTE. 101034/140.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a resolución da Excma. Alcaldesa, do 16.04.07, o informe xurídico favorable, do 10.05.07, a certificación de retención de crédito do 17.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración e cooperación entre o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive que de seguido se transcribe.

En Vigo, de maio de dous mil sete.

REUNIDOS

Excma. Sra. Dna. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.

D. Benito Pérez González , con D.N.I.nº 36.012.354-N Alcalde Pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive.

INTERVEÑEN

O primeiro en nome e representación, do Concello de Vigo, en uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación de Réxime Local, e con carácter específico o artigo 21.1.b) da vixente Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

O segundo en nome e representación da Entidade Local Menor de Bembrive, segundo certificación subscrita polo Secretario Xeral da dita Entidade, de data

Da fe da formalización do presente convenio o Secretario Xeral do Concello de Vigo, D. José Riesgo Boluda

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 2 de febreiro de 2000 a Entidade Local Menor de Bembrive solicitou do Concello de Vigo a participación nos impostos desta Administración Municipal ó amparo do establecido no artigo 164 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que desenrola o precepto concordante (artigo 156) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facentas Locais, achegando coa dita petición consulta formulada ante a Dirección Xeral de Xustiza e Administración Local (Subdirección de Administración Local da Comunidade Autónoma) en relación coa legalidade e, en consecuencia, a procedencia de transferir a dita Entidade Local Menor a participación mencionada.

Segundo.- Que as entidades intervinientes entenden que, co obxecto de lograr uns niveis desexables de eficacia e eficiencia na prestación de determinados servizos, debe ser a Entidade Local Menor de Bembrive a que asuma de

forma directa as obrigas inherentes á conservación, limpeza de viales e acondicionamento das zonas verdes, de titularidade Municipal, supeditando as ditas actuacións á efectividade da compensación económica que para tal fin se establece no presente convenio.

Terceiro.- Que o artigo 198 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia establece que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ó ámbito territorial ou poboación da outra, executar puntualmente obras e servizos de competencia dunha das partes e en definitiva desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo as anteriores.

Cuarto.- Que na exposición de motivos da xa citada Lei 5/1997, determínase como obxectivo a conseguir a desexable descentralización funcional con acercamento da administración os cidadáns e a conveniencia da participación destes nas decisións que directamente lles afectan. É vontade inequívoca do Concello de Vigo avanzar decididamente neste proceso de descentralización, a través de convenios de colaboración institucional, de tal sorte que se propicie a consecución dos fins encomendados á Entidade Local Menor de Bembrive.

Por todo o anterior, recoñecendo os comparecentes capacidade suficiente para asinar, na representación que ostentan, o presente convenio de colaboración e cooperación, o levan a efecto con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: O Concello de Vigo, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei de Administración Local de Galiza, comprométese a incluír nos seus orzamentos, a partir do exercicio 2007 (no seu caso trala aprobación do expediente de modificación orzamentaria), unha dotación polo importe de 236.000euros/ano, que será actualizado anualmente con arranxo a variación que experimente o IPC. O referido compromiso de financiamento terá unha vixencia de 15 anos, expirando definitivamente o día 31 de decembrro de 2021.

Segunda: A Entidade Local Menor de Bembrive asume as seguintes obrigas:

- a) Facer fronte ós custos de mantemento, conservación, reparacións e limpeza de camiños públicos municipais con algún tipo de pavimentación situados ou que poidan situarse no ámbito xeográfico da dita entidade.*
- b) A conservación e limpeza das parcelas axardinadas, propiedade do Concello de Vigo, situadas no ámbito territorial da Entidade Local Menor.*

Terceira: Será responsabilidade do Concello de Vigo a execución das obras de renovación, ampliación e substitución das infraestruturas a que se alude na cláusula precedente que as levará a efecto con cargo ós seus propios orzamentos. Dita obriga será de aplicación ás expropiacións de terreos e aperturas de novos viales.

Cuarta: A Entidade Local Menor de Bembrive renuncia expresamente, en virtude do presente convenio, a formular ningunha reclamación así como o exercicio de calquera acción ven sexa de tipo xudicial ou administrativo, con desestimento –no seu caso- das xa iniciadas, en concepto de “ausencia de crédito orzamentario para atender as obrigas derivadas do artigo 164,1 f) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galiza”.

Quinta: As entidades intervinientes, co ánimo de progresar no espírito de descentralización funcional previsto na Lei 5/1997, comprométese a estudar durante o primerio ano do prazo de vixencia do presente convenio novos

procesos de delegación de competencias a favor da entidade Local Menor de Bembrive así como a propoñer ó órgano municipal competente os expedientes de desagregación de ben inmobles que se estimen convenientes, unha vez analizada e aprobada a rectificación e actualización do inventario.

Sexta: O Concello de Vigo e a Entidade Local Menor comprométense a constituir, no prazo dos seis meses seguintes ó de formalización do Convenio, unha Comisión de Seguemento que estudie a coordinación administrativa en procesos relacionados coa defensa do patrimonio da Entidade e coa maior eficacia administrativa na instrución e resolución de expedientes de protección da legalidade urbanística.

Sétima: Sen perxuízo das previsións establecidas na cláusula primeira, o presente convenio poderá ser obxecto de revisión nos seguintes supostos:

- a) En calquera momento do seu prazo de vixencia sempre que, tralo acordo das partes, se considere necesario a ampliación da cantidade comprometida polo Concello de Vigo, en concepto de transferencia corrente, para os efectos de alcanzar un nivel adecuado das obrigas asumidas pola Entidade Local Menor.
- b) Como marco compensatorio entre as partes intervinientes, co fin de garantir a materialización do pagamento das cantidades que resulten a favor da Entidade Local Menor, en cumprimento das resolucións dictadas polos Tribunais de Xustiza.

Oitava: O presente convenio ten unha vixencia de 15 anos, expirando definitivamente o día 31 de decembro de 2021.

Novena: A validez e eficacia do presente convenio supeditase a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local eo órgano competente da Entidade Local Menor de Bembrive.

8(813).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE PARA O ANO 2007. EXPTE. 2790/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 21.03.07 e de acordo co informe-proposta da técnica do Departamento de Muller, do 12.03.07, conformado pola concelleira delegada de Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para a prestación do servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER E O CONCELLO DE VIGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN AS MULLERES E PROMOCIÓN DA IGUALDADE.

Santiago de Compostela, ... de... de 2007

REUNIDAS/OS

Dunha parte:

Dona Ana Luísa Bouza Santiago, directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, que actúa en nome e representación deste organismo, segundo o Decreto 413/2005, do 26 de agosto, polo que se dispón o seu nomeamento.

Doutra:

Dona Corina Porro Martínez, alcaldesa do concello de Vigo (CIF P3605700H), que actúa no seu nome e representación segundo dispón o seu nomeamento.

As partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan,

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, que se rexe en canto aos seus obxectivos, funcións, estrutura e funcionamento polo nela previsto e polas normas que a desenvolven, está adscrito á Secretaria Xeral da Igualdade e depende da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, departamento ao que lle corresponden as competencias sobre o deseño das políticas autonómicas en materia de xénero, de loita contra a violencia de xénero e de promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Segundo.- Que no exercicio das súas funcións, a este organismo correspóndelle executar as medidas definidas para a consecución efectiva da igualdade das mulleres, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que realicen as administracións locais a prol dos obxectivos establecidos na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, así como cooperar con tódalas entidades que polos seus fins ou actividades contribúan á consecución dos obxectivos previstos nesta lei.

Terceiro.- Que as funcións dos Centros de Información ás Mulleres (CIM), de titularidade municipal ou dunha mancomunidade, están recollidas no artigo 4º Decreto 182/2004, de 22 de xullo, polo que se regulan e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, segundo o cal lles corresponde prestar, de xeito permanente, un servizo integral de información, asesoramento e apoio ás mulleres, con atención individualizada e tamén a grupos de mulleres que colectivamente o demanden.

Cuarto.- Que o concello de Vigo é titular dun Centro de Información ás Mulleres, acreditado conforme ao Decreto 182/2004, do 22 de xullo, en funcionamento e integrado na rede autonómica de CIM.

Quinto.- Que o concello de Vigo e mailo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller consideran esencial a celebración dun convenio de cooperación que garanta o dereito das mulleres do concello ao acceso á información xeral e especializada, dun xeito integral, e que promova a igualdade das mulleres e dos homes.

Por todo o exposto acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o concello de Vigo para a prestación integral

do servizo de información ás mulleres, así como a promoción da igualdade das mulleres e dos homes, a través do CIM, cós seguintes obxectivos:

- 1.- Proporcionar asesoramento xurídico e psicolóxico.
- 2.- Proporcionar información sobre recursos específicos para mulleres.
- 3.- Colaborar na asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero.
- 4.- Aplicar o programa nacional de intervención comunitaria na área de igualdade da Secretaría Xeral da Igualdade.
- 5.- Desenvolver calquera outras actividades que teñan como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

SEGUNDA.- PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

No desempeño das funcións propias do servizo obxecto do convenio garantirase o anonimato na identidade das usuarias, ao respecto a súa vontade na busca de solucións e alternativas, a gratuidade de todos os servizos que se presten, e o respecto á confidencialidade que garantirá a privacidade das comunicacións.

TERCEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O servizo prestarase con carácter permanente polo CIM do concello de Vigo no seu ámbito territorial.

CUARTA.- FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

O servizo funcionará con atención permanente no CIM de luns a venres cun horario de atención ao público mínimo de cinco horas diarias, sendo dúas necesariamente en horario de mañá. O servizo especializado de atención xurídica e psicolóxica prestarase como mínimo seis horas á semana, para cada especialidade, podendo establecerse o sistema cita previa.

Todos os horarios de atención, con indicación expresa dos días, intervalo horario, persoal, especialidades e outras actuacións a realizar estarán expostos, permanentemente, nas oficinas do CIM.

QUINTA.- OBRIGAS DO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, asume os seguintes compromisos:

- 1.- Colaborar no financiamento dos gastos de persoal e de mantemento do CIM que efectivamente se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2007 ata o 31 decembro de 2007.
- 2.- Proporcionar formación ao persoal que desenvolve habitualmente as súas funcións como persoal técnico do CIM, mediante a realización das oportunas accións formativas.
- 3.- Proporcionar, de xeito continuo, información sobre todas as accións nas que participe o organismo directamente relacionadas coas funcións do CIM.
- 4.- Colaborar co concello na aplicación dos programas de intervención comunitaria na área de igualdade.

SEXTA. OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

O concello de Vigo, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, ademais das obrigas establecidas especificamente pola percepción de fondos do SGI, comprométense a:

- 1.- Garantir a prestación do servizo, mediante o funcionamento permanente do CIM e asistencia presencial no seu ámbito territorial.
- 2.- Destinar para o CIM a persoal especializado cos recursos e medios técnicos necesarios, segundo o establecido neste convenio o no Decreto polo que se regula o seu funcionamento.
- 3.- Remitir nos quince primeiros días de cada mes os datos das consultas do mes anterior empregando exclusivamente a aplicación informática facilitada polo Servizo Galego de Igualdade.

4.- Presentar, antes do 31 de decembro do exercicio en curso, unha memoria de funcionamento anual de acordo coas instrucións establecidas ao efecto polo Servizo Galego de Igualdade.

5.- Cumprir co resto das obrigas recollidas no artigo 78.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada a este precepto pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo

SÉTIMA.- RECURSOS HUMANOS DO CIM

O concello de Vigo facilitará ao SGI, ao asinar o convenio, a relación de persoal adscrito ao centro, indicando nome e apelidos, titulación, horario laboral e as funcións que desempeña xunto cunha copia do contrato ou do nomeamento.

Nos casos en que o persoal técnico do CIM sexa contratado temporalmente para a prestación do servizo establecido no presente convenio, e tendo en conta o establecido no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, as contratacións axustaranse ás seguintes normas:

O CIM contará, como mínimo, con directora, avogada e psicóloga con experiencia profesional e en igualdade de oportunidades. Será mérito preferente ser axente de igualdade e/ou traballadora social. As funcións de dirección son compatibles tanto coas de asesoramento xurídico como coas de atención psicolóxica.

No procedemento de contratación do persoal garantiranse os principios de publicidade, mérito, capacidade e transparencia.

A publicidade da convocatoria das prazas realizarase durante dous días nun xornal de implantación na comarca, así como no taboleiro de anuncios dos concellos e do CIM, cun prazo de presentación de solicitudes non inferior a 10 días.

O baremo de méritos a seguir no proceso de selección, que será informado pola comisión de seguimento do convenio, deberá contar, para cada praza, coa aprobación previa á publicación da convocatoria do Servizo Galego de Igualdade.

O órgano competente remitirá ao Servizo Galego de Igualdade certificado do resultado da selección xunto con copia do contrato ou nomeamento correspondente.

OITAVA.- FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL DO CIM

O persoal técnico responsable da prestación do servizo participará nas actividades de formación que ao efecto programe e financie o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller durante a vixencia do convenio.

NOVENA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento establecido polo concello de Vigo para o CIM ascende a 189.666,55 euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: 189.666,55 euros

Gastos correntes: 0 euros

Outros gastos: 0 euros

a) Para a realización dos compromisos asumidos na realización das actuacións obxecto deste convenio o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller aboará con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.313B.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2007, a cantidade máxima de 30.000€ (sempre que non supere o 80% do orzamento) destinada para o financiamento dos gastos correntes e de persoal do CIM.

b) Esta acción está cofinanciada con fondos do Fondo Social Europeo. Da contía achegadas polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, o FSE aporta o 80% e o Servizo Galego de Igualdade o 20%.

c) O concello asumirá a contía restante do custo necesario, de acordo coas súas obrigas, para o mantemento do CIM. No caso de que o custo total fora inferior ao estipulado no orzamento, a cantidade aportada polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller minorarase proporcionalmente.

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA

O concello de Vigo, destinatario da financiación achegada polo Servizo Galego de Igualdade presentará a xustificación de gastos efectivamente realizados que se axustará ao disposto no Regulamento (CE) 1081/2006, do 5 de xullo, relativo ao Fondo Social Europeo, no Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2007; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; e demais normativa de aplicación.

Poderá presentar xustificacións parciais ata o 80% do importe máximo a conta da xustificación ou liquidación final a medida que xustifiquen a realización de gastos.

As xustificacións de gastos, sexan parciais ou totais, realizaranse mediante facturas, ou documentos equivalentes, orixinais ou compulsadas, xustificativas dos gastos realizados xunto cunha declaración da entidade local indicativa do gasto total realizado e que se destinou ao fin establecido. As facturas, ou documentos equivalentes estarán emitidos conforme á normativa vixente e acompañaranse dos xustificantes de pagamento e, se é o caso, dos xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

Procederá a liquidación final unha vez que a entidade beneficiaria xustifique debidamente os gastos realizados, xustificación que, en todo caso, acadará gastos polo 125% do importe financiado polo Servizo Galego de Igualdade. No caso de que o importe da xustificación resulte inferior e isto supoña que varía a porcentaxe de financiamento inicialmente prevista, minorarase a contía de financiamento deste organismo coa fin de non superar dito tope.

A xustificación acompañarase dunha declaración comprensiva de tódalas axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas, ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades para as accións obxecto deste convenio.

A esta documentación engadiránselle as certificacións acreditativas de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais. A sinatura do convenio comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de estar ao corrente de obrigas tributarias e sociais á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Consellería de Economía e Facenda e Tesouraría Xeral da Seguridade Social agás que a entidade as presente xunto coa xustificación de gasto. Cando ao órgano xestor non lle resulte posible obter a certificación telemática ou esta sexa negativa comunicarlle esta circunstancia entidade para que achegue a referida documentación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGAS DERIVADAS DA PERCEPCIÓN DE FONDOS

O concello de Vigo, receptor de fondos do Servizo Galego de Igualdade está obrigado a:

- 1.- Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- 2.- Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos.

3.- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos.

4.- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do establecido nas normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

5.- Comunicar ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público.

6.- Cumprir co resto das obrigas recollidas no parágrafo 4 do artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada a este precepto pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DO SERVIZO

A información e publicidade das accións establecidas neste convenio realizaranse de acordo co disposto no Regulamento (CE) núm. 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e a Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e demais normativa de aplicación.

Nas oficinas do CIM figurará, de forma visible, un cartel no que se indique que a acción está financiada polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade e dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, polo Fondo Social Europeo cos seus respectivos anagramas. Os modelos de publicidade estarán dispoñibles na páxina web do Servizo de Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio constituirase unha comisión de seguimento que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir que as competencias se exercen de forma coordinada.

Especialmente deberá informar os baremos de contratación de persoal.

Esta comisión estará integrada por unha persoa designada pola directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e por un/unha representante do concello, ademais da secretaria do Servizo Galego de Igualdade que a presidirá e na que actuará como secretaria/o, con voz pero sen voto, un funcionario ou funcionaria do Servizo Galego de Igualdade. A comisión deberá constituírse formalmente no prazo dun mes desde a sinatura do convenio, celebrará cantas sesións sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins, previa convocatoria da presidenta, por propia iniciativa ou tendo en conta as peticións dos demais membros. En todo caso, reunirse unha vez ao ano ao fin de verificar e comprobar o resultado das obrigas contraídas establecendo as directrices e instrucións que considere oportunas.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

DÉCIMO CUARTA.- RELACIÓN CONTRACTUAL

O presente convenio de colaboración está excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en virtude do establecido no seu artigo 3, non obstante, os principios da citada lei serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

Así mesmo, a subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este organismo autónomo responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas que nel se establecen.*
- A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.*
- Os demais supostos previstos no artigo 78.10 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.*

DÉCIMO SEXTA.- XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose ós seus efectos polas cláusulas establecidas no mesmo, e no seu defecto, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo. Igualmente seralle de aplicación o previsto en materia de subvencións polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tendo en conta o disposto no artigo 44 da lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SÉTIMA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

En cumprimento do disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, o Servizo Galego de Igualdade remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes intervenientes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

DÉCIMO OITAVA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas durante o exercicio 2007 para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

A denuncia do mesmo por algunha das partes deberá realizarse cunha antelación mínima de tres meses antes de finalizar o período de vixencia.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

9(814).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS UNIÓN COMARCAIS DOS SINDICATOS UGT, CCOO E CIG PARA O ANO 2007. EXPTE. 3197/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 2.04.07, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 26.03.07, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e as Unións Comarcais dos Sindicatos de Comisións Obreiras –CCOO-, Unión General de Trabaxadores –UGT- e Confederación Intersindical Galega-CIG- para o ano 2007, que de seguido se transcribe.

2º.- Autorizar o gasto por importe total de 41.455 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, distribuído por terceiras e iguais partes (13.818,33 €) a a favor das devanditas Unións Comarcais, con cargo á partida orzamentaria 463.1.489.00.03. de Participación Cidadá.

3º.- Delegar a firma do convenio na Delegada do Goberno da área de Participación Cidadá, Dª Marta Iglesias Bueno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS UNIÓN COMARCAIS DOS SINDICATOS: UGT,CCOO, E CIG.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello, o día de de 2007,

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Dª Marta Iglesias Bueno, na súa calidade de Delegada de Goberno da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), nomeada por decreto da Alcaldía da data 21 de febreiro de 2005 e con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo

Doutra parte,

D.Santos Héctor Rodríguez Díaz, (DNI 36.008.431), secretario xeral da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores de Vigo, UGT, con CIF: G-15.383.011,

D. Xosé Cameselle Romero, (DNI 35.985.378), secretario xeral da Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo, CCOO, con CIF: G-15.103.112.

D. Xerardo Abraldes Fernández, (DNI 36.040.431), secretario xeral da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega, CIG, con CIF: G-36.706.927.

Tódalas partes interveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

Que nun estado social e democrático de dereito como é o noso, a participación dos sindicatos no correcto funcionamento do sistema democrático é fundamental. A Constitución española de 1978, no seu título preliminar, art. 7, recoñécelles aos sindicatos a contribución que teñen na defensa dos intereses económicos e sociais que lles son propios.

O Concello de Vigo vén realizando no presente mandato, esforzos co fin de permeabilizar a actuación pública dos seus órganos políticos e administrativos. O obxectivo trazado con carácter prioritario, fúndase no convencemento de que unha sociedade democrática e participativa é aquela que coñece cabalmente a actuación dos seus poderes públicos, e a súa vez coparticipan na toma de decisións, formulando propostas e analizando solucións.

Este labor baséase na articulación da participación cidadá , por medio de entes ou organizacións que detectan, indican e colaboran na solución das distintas problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora das condicións de vida e progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

As organizacións sindicais, como organizacións non lucrativas e de interese social, non son alleas a este fin. Nunha cidade como a nosa, é doado recoñecer a importancia das organizacións sindicais á hora de definir o perfil humano e sociolóxico do cidadán vigués. Os sindicatos sempre acadaron unha longa experiencia na prestación de determinados servizos sociais e na consecución de proxectos empresariais de carácter xeral.

Dado o interese do anteriormente exposto, o Concello de Vigo e as mencionadas entidades sindicais, veñen asinando dende o ano 1992, un convenio de colaboración co fin de establecer un marco conxunto que permita materializar a presente declaración de intencións, e coordinar os seus obxectivos.

Atendendo o Regulamento de participación cidadá, as devanditas seccións comarcais dos sindicatos, atópanse inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello, CCOO: 487/96, UGT: 488/96 e CIG: 489/96.

En consecuencia, as entidades intervenientes proceden á formalización do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración e cooperación das catro entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a prestación descentralizada dun servizo de información e atención á cidadanía e o desenvolvemento dun conxunto de accións sociais de interese xeral para os veciños e veciñas desta cidade.

Segunda.- Actividades obxecto de financiamento

Conforme a memoria que achega as entidade sindicais, na que constan os antecedentes, razóns de oportunidade, obxectivos perseguidos, e declaración para ser beneficiaria da subvención, establécense as seguintes accións para desenvolver e as axudas económicas outorgadas polo Concello:

PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2007	ORZAMENTO
<u>UGT.:</u>	
✓ Servizo de información e atención ao cidadán	19.000,00 €
✓ Xornada: “Sanidade ambiental: os principais efectos na saúde atribuíbles a factores ambientais no traballo”	1.000,00 €
✓ Xornada: “Os xoves e o sindicato”	1.000,00 €

<i>Total</i>	21.000,00
<u>CCOO.:</u>	
✓ <i>Servizo de información e atención ao cidadán</i>	15.028,54 €
✓ <i>Xornada: "Casuística de Lei de Dependencia"</i>	1.250,00 €
✓ <i>X Xornadas: "Xuventude e Iniciativas de Emprego"</i>	1.220,00 €
✓ <i>Xornada: "A Lei de Riscos Laborais: As capacidades do Delegado de Prevención"</i>	1.203,82 €
<i>Total</i>	18.702,36 €
<u>CIG.:</u>	
✓ <i>Servizo de información e atención ao cidadán</i>	15.959,00 €
✓ <i>Charla-coloquio: "Directivas europeas e a súa repercusión social".</i>	800,00 €
✓ <i>Charla-coloquio: "Marxinación e exclusión social; a nosa perspectiva sindical".</i>	800,00 €
<i>Total</i>	17.559,00 €

Segunda.- *Ámbito territorial*

O ámbito de desenvolvemento das actividades do presente convenio, é o termo municipal de Vigo.

Terceira.- *Destinatarios das actividades*

As actividades recollidas no presente convenio, estarán destinadas ao público en xeral, e en particular aos afiliados das respectivas seccións sindicais. O acceso será público e gratuíto. O número de asistentes limitarase ao aforo do lugar onde se realicen.

Cuarta.- *Supervisión, seguimento e avaliación*

Para a supervisión do convenio, así como para establecer os criterios non previstos no funcionamento do servizo de información, crearase unha comisión de seguimento, presidida polo/a concelleiro/a de Participación Cidadá ou persoa en quen delegue, e composta por unha persoa proposta por cada un dos sindicatos asinantes, que ao tempo farán de interlocutores ante o Concello, e o técnico municipal da Concellería de Participación Cidadá que actuará de secretario.

O mecanismo de seguimento para as organizacións sindicais na prestación do servizo e das actividades que derivan do presente convenio, establécese a través dos informes trimestrais das actividades realizadas, que puidera solicitar o Servizo de Participación Cidadá, e a memoria final anual, e demais documentación e información esixida na cláusula decimo primeira, sen menoscabo da presenza do persoa da Concellaría de Participación Cidadá nas actividades que esta determine. Deberáselle informar á Comisión de Seguimento de cantas inobservancias, incumprimentos ou anomalías se detecten no desenvolvemento deste.

Correspóndelle a Xefatura de Participación Cidadá do Concello de Vigo, a emisión da certificación que acredite e xustifique o cumprimento do convenio.

Quinta.- *Vixencia*

A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2007.

Sexta.- *Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo*

1. *Concello resérvase as prerrogativas de interpretar o presente Convenio, modificalo, resolvelo, vixiar polo seu cumprimento e ditar instrución de obrigada observancia para a súa mellor execución.*
2. *Obter a información e documentación que considere necesaria a fin de determinar o cumprimento parte das organizacións sindicais das accións conveniadas.*
3. *Determinar, segundo a información e documentación establecidas na cláusula décima, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.*

Sétima.- *Dereitos e obrigas xerais das organizacións sindicais*

Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades conveniadas, atendendo en particular os seguintes requisitos:

1. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público. Con antelación suficiente comprobar o correcto funcionamento das instalacións e equipos, e contar en todo momento co material e persoal de organización mínimo necesario para o correcto desenvolvemento das actividades.*
2. *Dar ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo e as condicións da cláusula oitava.*
3. *Presentarlle ao Concello o balance anual de xestión e económico, xunto co inventario actualizado das súas dotacións e instalacións. Así como o informe semestral de xestión e a memoria final das actividades conveniadas conforme coas condicións da cláusula décima.*
4. *Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público participante nas actividades.*
5. *Asumir as responsabilidades que procedan da realización das actividades que se convenian, e en particular a contratación laboral do persoal adscrito a estas.*
6. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
7. *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor, e demais gastos derivados da execución das actividades.*
8. *Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello. Está obrigada, igualmente, a facilitar canta información e documentación se lles solicite.*
9. *Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
10. *Comunicarlle ao Concello, departamento de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas do inicio das actividades, e programación. Obrígaselle, tamén, a comunicarlle cunha antelación mínima de 5 días naturais calquera incidencia que imposibilite ou aprace a execución da actividade.*

Oitava.- *Recursos e sistemas de comunicación, información e publicidade.*

A difusión individualizada das actividades e servizos programados con cargo ao convenio correspóndelle a cada organización sindical. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información sobre as actividades, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada relacionada coas actividades programas, figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello, e as respectivas seccións sindicais, nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- As organizacións sindicais someterán a conformidade do Concello as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.
- De todo o material editado, entregaranse 10 exemplares na Concellaría de Participación Cidadá.
- Dedicar un mínimo dun 10% do gasto das actividades a sistemas de difusión e información: carteis, programas, etc.
- Publicitar nos medios de comunicación local o servizo de información ao cidadán e sinalizalo nun lugar visible e perfectamente identificado na entrada do local social da entidade. Deberá aparecer a información do logosímbolo do Concello e o horario de atención ao público.

Novena.-Da participación

As organizacións sindicais asinantes comprométese a colaborar e participar activamente nos órganos que se constituán para o desenvolvemento do Regulamento de participación cidadá e de distritos, así como naquelas actividades institucionais que requiran unha inmediata e directa participación da cidadanía en asuntos de interese xeral ou sectorial da cidade.

Décima.- Gastos subvencionables.

Consideranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas no presente convenio, e que así mesmo, figuran recollidos nos presupostos presentados por cada entidade sindical.

Décimo Primeira.- Réxime financeiro, tramitación de pagos e liquidación

1. Concello de Vigo, e con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, asignará unha achega económica anual de 41.455 € (Corenta e un mil catrocentas cincuenta e cinco euros), para repartir por terceiras e iguais partes (Trece mil oitocentos dezaoto euros con trinta e tres céntimos), entre as devanditas unións comarcais dos sindicatos UGT, CIG, CCOO, con cargo á partida 4631.489.00,03, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados dos programas e actividades que se valoran no anexo I.
2. O pago realizarase mediante transferencias bancarias ás seguintes contas correntes:

UXT: código entidade: 2080 código oficina: 000073 núm. cta. 0040161318.

CIG: código entidade: 2080 código oficina: 012773 núm. cta. 0040000194.

CCOO: código entidade: 2080 código oficina: 004067 núm. cta. 0040011889.

3. *Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición das entidades interesadas, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.*
4. *As organizacións sindicais, unha vez rematadas a/s actividade/s e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do convenio, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:*

a) Unha memoria anual descritiva das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- *Denominación dos programas, proxectos ou gastos subvencionados*
- *Datas e lugar de celebración.*
- *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- *Actuacións realizadas.*
- *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- *No que atinxe a “memoria do servizo de información e atención ao cidadá” presentaranse os datos de control de forma individualizada segundo o sistema de información utilizado (telefónico, presencial, telemática) con data, nome e apelidos das persoas que solicitaron información, información solicitada e facilitada, usuarios diferidos, control telefónico de chamadas da liña específica do servizo, etc.*

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- *Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*

A xustificación dos gastos do servizo de información e atención ao público, realizarase mediante a acreditación dos gastos correntes directos relacionados coa prestación do servizo: soldos e salarios do persoal auxiliar de información, servizos telefónicos e de comunicacións, alugamento de equipos para procesos de información, consumibles informáticos, etc.

- *As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior.*
- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
 1. *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
 2. *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

3. *Cando se xustificuen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
4. *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custo da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente, de acordo co previsto nos artigos 19.3 e 37.3 da Lei Xeral de Subvencións.*

c) Os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, en orixinal ou fotocopia compulsada. Neste último caso, achegaranse os xustificantes orixinais presentados e marcaranse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulte afectada pola subvención.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.d 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

Con carácter particular, cando unha entidade emisora de facturas estea exenta do IVE, acompañará o certificado expedido polo órgano competente que acredite de forma evidente a exención de que se trate.

Para considerarse debidamente acreditados os custos salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas e xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social. O abono das cantidades figuradas nestes documentos se acreditará na declaración xurada a que se refire o apartado b) anterior.

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

Décimo segunda.-Causas de resolución do convenio, solución e controversias.

O incumprimento do especificado nas cláusulas do convenio, mesmo por parte das entidades receptoras, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.

A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar correspondente liquidación e a obriga pola entidade sindical correspondente, do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de intereses de demora dende o momento do seu pago.

A concelleira de Participación Cidadá queda facultada para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento

Décimo terceira.- Réxime xurídico

O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei xeral de subvencións no relativo aos procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

Décimo cuarta.- Final:

Lido por as catro partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asinan e rubrican por cuadruplicado exemplar, no lugar e datas indicados no inicio.

10(815).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS EL OLIVO PARA O ANO 2007. EXPTE. 3294/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 2.04.07, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 26.03.07, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" para o fomento de actividades de fomento de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.

2º.- Facultar á Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar o gasto por importe total de 15.036,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 463.1.489.00.01. de Participación Cidadá.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO-ANO 2007

Na Casa do Concello da cidade de Vigo, o día de de 2007

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Dª MARTA IGLESIAS BUENO, na súa calidade de Delegada de Goberno da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), nomeada por decreto da Alcaldía da data 21 de febreiro de 2005 e con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo

Doutra parte, D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, Presidente da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", (CIF G-36704666), con enderezo en Praza Galegos Ilustres, s/n de Vigo

Ambas as dúas partes interveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente Convenio, e para o efecto

EXPOÑEN

Conforme ao previsto na lexislación vixente, e entre as que se cita a Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997 da administración local de Galicia, o R.d Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o texto refundido en materia de réxime local e o R.d 2568/1986 de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e profundar na democracia representativa.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., influen entre a poboación, detectando, proponendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionado problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles aos que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias e que conforman a nosa cidade é de salientar a importante implantación do movemento asociativo veciñal en xeral, e en particular a labor da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", a cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.

Atendendo ao Regulamento de Participación Cidadá, a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns co número 143-90, e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade, xunto coa colaboración permanente nas actividades cidadáns organizadas por este Concello de Vigo.

Un aspecto fundamental para asegurar o necesario desenvolvemento da Federación, constitúeo o fomento das súas actividades de organización, xestión e administración, así como a potenciación das distintas actividades e carácter social, cultural, formativa e informativo que programa a entidade que se achegan como anexo a este convenio.

En consecuencia ao exposto, ambas as dúas entidades intervinientes proceden á formalización do presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

Constitúe o seu obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entre as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento ao desenvolvemento dunha serie de accións de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario, que permitan a programación e desenvolvemento de distintas actividades de carácter cultural, cívico e social, referenciadas no presente convenio.

SEGUNDA.- Actividades obxecto de financiamento

Conforme a memoria que achega a asociación, na que constan os antecedentes, razóns de oportunidade, obxectivos perseguidos, e declaración para ser beneficiaria da subvención, establécense as seguintes accións para desenvolver e as axudas económicas outorgadas polo Concello:

ÁREAS	CONCEPTO	CANTIDADE SOLICITADA
00.ORGANIZACIÓN	XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN ✓ LOCAL SOCIAL ✓ CONSUMIBLES	6,036,00 €

	✓ ADMINISTRACIÓN ✓ SUBMINISTROS ✓ LIMPEZA	
01.PROMOCIÓN	EDICIÓN DA REVISTA ANUARIO	2.500,00 €
02.CONVIVENCIA	FESTA DAS PEÑAS	2.500,00 €
03 SOCIAL	XXIII TROFEO CIDADE DE VIGO DE XOGOS DE MESA	4.000,00 €
	TOTAL.....	15,036,00 €

TERCEIRA.- Destinatarios/as

As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuito, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

CUARTA.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo

1. Respetar a estrutura organizativa da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.
2. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da asociación das accións conveniadas nas distintas áreas establecidas.
3. Determinar segundo a información e documentación establecidas na cláusula 8ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas na cláusula segunda en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.

QUINTA.- Dereitos e obrigas xerais da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo"

1. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades conveniadas.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .
4. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá- como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
5. A revista Anuario reservará dúas páxinas para os saúdas do/da alcalde/alcaldesa e do/da Concelleiro/a de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.
8. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.

9. *Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
10. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

SEXTA.- Mecanismos do seguimento e comprobación da execución do Convenio

O mecanismo de seguimento, control e inspeccións deste convenio establécese en base á memoria final que presente a federación de peñas, sen menoscabo da presenza do persoal municipal nas propias actividades que esta determine.

O servizo de Participación Cidadá levará a cabo a comprobación da subvención, que se materializará na emisión dun informe no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto do convenio, ou aquelas deficiencias ou circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. Este informe incorporárase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa xustificación da subvención.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

Consideranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas no presente convenio, e que así mesmo, figuran recollidos nos presupostos presentados por cada entidade sindical.

OITAVA.- Réxime financeiro, tramitación dos pagos e liquidación

- *Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, asignará unha achega económica de 15,036,00 € (QUINCE MIL TRINTA E SEIS EUROS), con cargo á partida 463.1.489.00.01., do vixente orzamento da Concellaría Participación Cidadá, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados dos programas e actividades que se valoran no anexo. Esta cantidade seralle aboada a entidade recreativa mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080/0020/13/0040023628*
- 1. *Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición das entidades interesadas, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.*
- 2. *A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha vez rematadas a/s actividade/s e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do convenio, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:*

a) Unha memoria anual descritiva das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- *Denominación dos programas, proxectos ou gastos subvencionados*
- *Datas e lugar de celebración.*
- *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- *Actuacións realizadas.*
- *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- *Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
- *As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior.*
- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
 1. *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
 2. *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
 3. *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
 4. *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custo da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente, de acordo co previsto nos artigos 19.3 e 37.3 da Lei Xeral de Subvencións.*

c) Os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, en orixinal ou fotocopia compulsada. Neste último caso, achegaranse os xustificantes orixinais presentados e marcaranse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulte afectada pola subvención.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.d 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

Con carácter particular, cando unha entidade emisora de facturas estea exenta do IVE, acompañará o certificado expedido polo órgano competente que acredite de forma evidente a exención de que se trate.

Para considerarse debidamente acreditados os custos salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas e xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social. O abono das cantidades figuradas nestes documentos se acreditará na declaración xurada a que se refire o apartado b) anterior.

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

NOVENA.- Causas de resolución e solución de controversias

O incumprimento do especificado no clausulado do convenio, mesmo por parte da entidade receptora, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.

A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar a correspondente liquidación e a obriga pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pago.

A concelleira de Participación Cidadá queda facultada para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMA.- Réxime xurídico aplicable

O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2007.

DÉCIMO SEGUNDA.- Final

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, por cuadruplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

11(816).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 1711/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 2.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear a Autodesguaces Vigo, S.L. 66 vehículos para chatarra relacionados no expte 1711/241 por un importe de 1.800 euros.

12(817).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN ASISTENCIA TÉCNICA MONITORAXE CESTERÍA DE MADEIRA ABERTA E COLMO DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 2738/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 26.04.07, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xuño de 2007 e o 31 de maio de 2008, do contrato da asistencia técnica para monitoraxe en cestería de madeira aberta e colmo dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro, adxudicado a Da. María Jesús Barreiro García por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005.

13(818).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN ASISTENCIA TÉCNICA MONITORAXE EN CESTERÍA DE VIMBIO DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE.2737/422.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 26.04.07, conformado polo concelleiro de Patrimonio Histórico e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xuño de 2007 e o 31 de maio de 2008, do contrato da asistencia técnica para monitoraxe en cestería de vimbio dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro, adxudicado a D. Antonio Suárez Davila por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005.

14(819).- SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DUN REPETIDOR DA REDE BSS/UTRAN DE AMENA AUNA, NO TUNEL BEIRAMAR. EXPTE. 25451/422. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 18.04.07, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Primeiro.- A empresa FRANCE TELECOM ESPAÑA SA mediante escrito con entrada ó 29.03.2007 no Rexistro Xeral deste Concello, comunica a extinción da empresa RETEVISIÓN MOVIL SA, mediante un proceso de fusión por absorción a favor de dita entidade solicitante, tendose producido de xeito automático, a transferencia da propiedade de cantos bens e dereitos integraban o patrimonio da entidade absorvida, que os adquire FRANCE TELECOM ESPAÑA SA. Conseqüentemente, solicita a favor de dita sociedade, o cambio da titularidade do expediente de autorización da ocupación do dominio público para a instalación dun repetidor da rede no Túnel de Beiramar.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 25.08.2006 acordou autorizar a INTELSIS SISTEMAS INTELIGENTES SA para a ocupación do dominio público mediante a instalación dun repetidor da rede BSS/UTRAN de Amena Auna para dotar de cobertura de telefonía móbil no Túnel de Beiramar, con sometemento ás condicións xurídicas e técnicas que se sinalan no propio acordo.

Terceiro.- A teor de ditos antecedentes, podese sinalar que no presente caso non existe concordancia na identidade entre a sociedade titular da autorización administrativa outorgada pola Xunta de Goberno local en data 25.08.2006 (INTELSIS SISTEMAS INTELIGENTES SA) e as sociedades obxeto da fusión por absorción, reflectidas na escritura pública de 31.07.2006 autorizada polo Notario D. Jose Antonio Bernal González, cuxa fotocopia achega a propia interesada ao expediente e das que traeria causa.

Conseqüentemente, non resultando acreditada a concorrencia dunha sucesión societaria a favor da solicitante dos dereitos concedidos a INTELSIS SISTEMAS INTELIGENTES SA para a ocupación do dominio público mediante a

instalación dun repetidor da rede BSS/UTRAN de Amena Auna para dotar de cobertura de telefonía móbil no Túnel de Beiramar, procede a denegación da solicitude do cambio de titularidade formulado por FRANCE TELECOM ESPAÑA SA.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo sobre o interesado, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Lei 7/85 do RBRL no seu art. 127.1.f.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Denegar a solicitude de FRANCE TELECOM ESPAÑA SA. do cambio de titularidade da autorización administrativa outorgada pola Xunta de Goberno local o 25.08.2006 para a ocupación do dominio público mediante a instalación dun repetidor da rede BSS/UTRAN de Amena Auna para dotar de cobertura de telefonía móbil no Túnel de Beiramar.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(820).- RECLAMACIÓN DE D^a. PENÉLOPE MILLÁN ALVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 880/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 04.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Penélope Millán Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de decembro de 2005, no que expón que o día 15 de decembro de 2005, mentres camiñaba pola Gran Vía, no cruce coa rúa Bolivia, sufriu unha caída por mor do mal estado do pavimento no paso de peóns, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/01/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que ó longo do paso de peóns hai unha reposición da empresa R algo deteriorada.
- Informe da empresa R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., de data 02/03/2006
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.733,79 euros.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 30/08/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/09/2006.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, en data 25/09/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 15 de decembro de 2005 a reclamante sufriu segundo o parte do servizo de Urgencias que achega, unha lesión con diagnóstico de fractura de cole 5º metatarsiano pé esquerdo, que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 3.733,79 euros.
- De conformidade co informe da Policía Local solicitado e que foi emitido o 30/08/2006 non hai constancia de ningunha intervención policial nos feitos.
- A reclamante tampouco achega ningunha proba testifical.
- Se ben no parte de asistencia en urgencias dise que ó ir ó traballo esvarou, é evidente que é reflexo das propias manifestacións da reclamante, sen que se indique tampouco o lugar da caída.

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impidise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Surpemo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Penélope Millán Álvarez por unha caída ocorrida o día 15 de decembro de 2005 na Gran Vía”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

16(821).- RECLAMACIÓN DE D^a. CRISTINA NÚÑEZ ROMÁN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 982/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 03.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Cristina Núñez Román presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de marzo de 2006, no que expón que o día 22 de xullo de 2005, mentres camiñaba pola rúa Castelar, á altura do número 1, sufriu unha caída por mor da falta dunha lousa nun lugar que estaba habilitado para o paso dos peóns provisional durante as obras que se estaban a realizar pola empresa Necso na zona, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 22/07/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Núñez relátalles o accidente que tivera; a continuación, a reclamante é trasladada en ambulancia a un centro médico.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 25/04/2006.*

- Informe do Enxeñeiro técnico da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección técnica de Obras, de data 09/05/2006, no que indica que na data e lugar do accidente, a empresa Necso estaba a realizar obras correspondentes ó proxecto de Humanización das rúas do contorno da praza de Compostela, comprendidas no Convenio Vigo 2005.
- Informe da empresa Fenosa, de data 08/06/2006, que realizaba obras nas proximidades do lugar do accidente.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/06/2006.
- Informe do Enxeñeiro industrial do servizo de Electromecánicos, de data 11/08/2006.
- Copia do Convenio específico de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Programa Vigo 2005, no que se estipula que o Consorcio Zona Franca foi a Administración encargada de contratar e executar as obras, asumindo a dirección dos contratos.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 20/09/2006.
- Informe de Acciona Infraestructuras S.A. (antes Necso), de data 13/10/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resultando que as obras correspondentes ó Proxecto de Humanización das rúas do entorno da Praza de Compostela atopábanse comprendidas no ámbito dun convenio entre Zona Franca e o Excmo. Concello de Vigo, de data 19 de abril de 2004, polo que o Concello se obriga a delimitar e fixar as concretas zonas ou ámbitos urbanos de actuación, así como o contido e programas de cada unha, correspondéndolle ó Consorcio, unha vez aprobados os proxectos, a licitación, contratación e financiación na parte que lle corresponda, executando as obras proxectadas e asumindo a dirección dos respectivos contratos.

Considerando que a estipulación segunda. B) do Convenio Específico de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o Desenvolvemento do Programa Vigo 2005 establece que “Aprobados os proxectos, o Consorcio licitará, contratará, financiara na parte que lle corresponda e executará as obras proxectadas e asumirá a dirección dos respectivos contratos”.

Terceiro.- Considerando que o artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, dispón no seu apartado nº 1 que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e no seu apartado nº 3 que deberá ser o órgano de contratación, a requirimento

dos terceiros afectados, producido dentro do ano seguinte á produción do feito, ou que, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes correspóndelle a responsabilidade dos danos.

Cuarto.- Á vista destes datos, dado que as obras, se ben son de propiedade municipal eran realizadas por outra Administración, a cal ostenta a cualidade de órgano de contratación, a responsabilidade deberá esixirse ó Consorcio da Zona Franca, administración que no seu caso, poderá imputarlla á empresa contratista que realiza as obras. Non sendo posibel vincular o accidente padecido por Dna. Cristina Núñez Román ó funcionamento de ningún servizo público municipal, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial do Excmo. Concello de Vigo, que polo tanto carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.

Acreditado que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, ou ben á Administración contratante das obras ou ben á empresa encargada de realizar as mesmas, non se aprecia responsabilidade patrimonial desta Administración, e deberá ser o Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa cualidade de órgano de contratación, a Administración que determine a que corresponde a devandita responsabilidade, no caso de existir esta.

Polo exposto e sen entrar a valorar o fondo do asunto, RESOLVO:

1º.- Desestimar a reclamación patrimonial formulada por Dna. Cristina Núñez Román por unha caída ocorrida o día 22 de xuño de 2005 na rúa Castelar, por canto o Excmo Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a cualidade de Administración contratante das obras causantes dos danos”.

2º.- Dar traslado da presente reclamación ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa calidade de Administración contratante das obras, para que proceda, se o estima oportuno, á tramitación da presente reclamación”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

17(822).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a CARMEN RODRÍGUEZ FORMIGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 869/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 03.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. María del Carmen Rodríguez Formigo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de decembro de 2005, no que expón que o día 20 de outubro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Eduardo Iglesias, por mor da presenza dunha mancha de carburante que fora derramada por un vehículo (matrícula PO-3045-BS), sufriu unha caída producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 20/10/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán como o vehículo da empresa Distribuidora para productos para el descanso, S.L. (matrícula PO-3045-BS) deixara unha mancha de aceite por varias rúas (entre a que se inclúe a rúa Eduardo Iglesias) antes de estacionar na rúa Velázquez Moreno, á altura do número 19; igualmente, o condutor do vehículo, D. José Luís Fernández Vázquez, ó decatarse do ocorrido manifesta ter parado o mesmo e dado aviso ó servizo de emerxencias. Tamén fan constar ó condutor que a Sra. Rodríguez caera por mor da mancha de carburante polo que foi trasladada ó hospital. Por último, dan aviso a Bombeiros para que estes procedan ó baldeo das rúas afectadas.*
- *Informe do servizo de Limpeza, de data 29/12/2005, no que se indica que tras o aviso da Policía Local, a empresa contratada para a limpeza viaria, FCC, realizou a limpeza dunha mancha de gasóleo á altura da rúa Eduardo Iglesias ás 13:25 horas do día 20/10/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 01/03/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel ou non se pode acreditar a orixe da mancha de aceite e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que a mancha se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abondas para detectar e despezar a vía dese elemento extraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07/10/1997 e 03/12/2002).

E así o Tribunal Supremo na súa sentenza de 11/02/1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o derrame de aceite na calzada, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha de aceite que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta o nexo causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Administración no mantemento público de viais.

Seguindo a doutrina referenciada a única implicación eventual do servizo público local pasará por unha desatención das súas obrigas, traducidas neste caso na limpeza posterior e sinalización da sustancia esvaradía e que motivou o accidente.

Cuarto.- Do exame do expediente resultou acreditados os seguintes feitos:

- Dña. María del carmen Rodríguez Formigo caeu na rúa Eduardo Iglesias o día 20/10/2005 sendo trasladada ó Hospital Xeral-Cíes onde ingresou ás 13:27 horas, sufrindo diversos traumatismos a consecuencia de esvarar nunha mancha de gasóleo, que se atopaba na calzada, descoñecéndose se no intre cruzaba por un paso peonil ou non, ó non se mencionar ese dato no informe da Policía Local da data.
- De conformidade co parte de servizo da Policía Local de data 20/10/2005 a perda de gasóleo produciuna un vehículo con placa de matrícula PO-3045-BS, o condutor do que ó comprobar que derramaba gasóleo na calzada procedeu a dar aviso ó servizo de emerxencias, informando de xeito inmediato á Policía Local do seu percorrido. A Policía Local recibiu a orde correspondente para ir ó lugar ás 13:15 horas do día da data, procedendo a dar aviso ó servizo de Bombeiros a través da emisora procedendo estes a baldear as rúas afectadas.
- Hai así mesmo informe do servizo de Limpeza do Concello de Vigo de data 29/12/2005 no que se di que consultados os arquivos compróbase que a empresa contratada para a limpeza viaria, FCC, realizou a limpeza dunha mancha de gasóleo á altura da rúa Eduardo Iglesias a partir das 13:15 horas do día 20/10/2005, despois de recibir un aviso da Policía Local.

Resulta polo tanto acreditada non só a intervención dun terceiro, senón que a mancha de aceite orixinouse pouco tempo antes da caída da reclamante, actuando os servizos do Concello (Policía Local, Bombeiros e Limpeza) con prontitude e dilixencia, procedendo a limpar a zona dun xeito inmediato cos medios materiais e humanos precisos ó efecto, polo que procede, consonte coa doutrina citada, desestimar a reclamación presentada, pola falla do necesario nexo causal entre o feito causante das lesións e o funcionamento dun servizo público municipal.

Quinto.- En todo caso, tampouco procedería o aboamento ningún en concepto de danos por roupa e calzado, por canto dos ditos danos non hai ningunha proba ó efecto, xa que unha simple factura de compra nada proba ó respecto.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Carmen Rodríguez Formigo, por mor dun accidente ocorrido o día 20 de outubro de 2005 na rúa Eduardo Iglesias”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

18(823).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL CASAL BUCH DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 820/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 03.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Manuel Casal Buch presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de novembro de 2005, no que expón que o día 25 de outubro de 2005, mentres camiñaba pola rúa República Argentina, á altura do número 20, sufriu unha caída debido ó mal estado da beirarrúa que se atopaba desnivelada por mor da realización de obras na mesma, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, de data 17/11/2005, no que indican que no lugar do accidente a empresa Movex Vial realizaba obras correspondentes ó Proxecto de Humanización da rúa Uruguay.*
- *Informes da empresa Movex Vial, de datas 12/12/2005 e 30/08/2006.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 400,02 euros.*
- *Copia do Convenio específico de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do programa Vigo 2005.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 05/09/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 18/09/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- *Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- *Resultando que as obras correspondentes ó Proxecto de Humanización das rúas do entorno da Praza de Compostela atopábanse comprendidas no ámbito dun convenio entre Zona Franca e o Excmo. Concello de Vigo, de data 19 de abril de 2004, polo que o Concello se obriga a delimitar e fixar as concretas zonas ou ámbitos urbanos de actuación, así como o contido e programas de cada unha, correspondéndolle ó Consorcio, unha vez aprobados os proxectos, a licitación, contratación e financiación na parte que lle corresponda, executando as obras proxectadas e asumindo a dirección dos respectivos contratos.*

Considerando que a estipulación segunda. B) do Convenio Específico de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o Desenvolvemento do Programa Vigo 2005 establece que “Aprobados os proxectos, o Consorcio licitará, contratará, financiara na parte que lle corresponda e executará as obras proxectadas e asumirá a dirección dos respectivos contratos”.

Terceiro.- *Considerando que o artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, dispón no seu apartado nº 1 que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e no seu apartado nº 3 que deberá ser o órgano de contratación, a requirimento dos terceiros afectados, producido dentro do ano seguinte á produción do feito, ou que, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes correspóndelle a responsabilidade dos danos.*

Cuarto.- *Á vista destes datos, dado que as obras, se ben son de propiedade municipal eran realizadas por outra Administración, a cal ostenta a cualidade de órgano de contratación, a responsabilidade deberá esixirse ó Consorcio da Zona Franca, administración que no seu caso, poderá imputarlla á empresa contratista que realiza as obras. Non sendo posibel vincular o accidente padecido por D. Manuel Casal Buch ó funcionamento de ningún servizo público municipal, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial do Excmo. Concello de Vigo, que polo tanto carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.*

Acreditado que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, ou ben á Administración contratante das obras ou ben á empresa encargada de realizar as mesmas, non se aprecia responsabilidade patrimonial desta Administración, e deberá ser o Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa cualidade de órgano de contratación, a Administración que determine a que corresponde a devandita responsabilidade, no caso de existir esta.

Polo exposto e sen entrar a valorar o fondo do asunto, RESOLVO:

1º.- *Desestimar a reclamación patrimonial formulada por D. Manuel Casal Buch por unha caída ocorrida o día 25 de outubro de 2005 na rúa República Argentina, por canto o Excmo Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a cualidade de Administración contratante das obras causantes dos danos”.*

2º.- *Dar traslado da presente reclamación ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa calidade de Administración contratante das obras, para que proceda, se o estima oportuno, á tramitación da presente reclamación”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

19(824).- RECLAMACIÓN DE D^a. LUZ PAZ ALVAREZ MARTÍNEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 814/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 02.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Luz Paz Álvarez Martínez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de novembro de 2005, no que expón que o día 2 de novembro de 2005, mentres camiñaba polos xardíns diante da entrada da estación de ferrocarril, sufriu unha caída por mor dunha focha existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, de data 09/11/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informes do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de datas 14/12/2005 e 20/02/2006, nos que indican que dos posibles danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*
- *Informe da concesionaria Cespa, de data 13/01/2006.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 06/02/2006.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/02/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente no que indican ignoraren quen fixo a reparación das fochas no pavimento.*
- *Práctica de proba testifical, en data 08/06/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Paz.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.839,65 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 14/09/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 04/10/2006.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/11/2006.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, resulta acreditado que a solicitante caeu o día 02/11/2005 nos xardíns As Palmeiras preto da estación de ferrocarril; os danos físicos que refire valóranse en ditame médico solicitado ó efecto de data 18 de xullo de 2006 valora en 6.839,65 euros, apreciando dous puntos por secuelas nesa valoración e un total de 147 días de incapacidade temporal entre impeditiva e non impeditiva.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local acordou adxudicar a Cespa S.A., na súa sesión de 29 de marzo de 2005, o concurso convocado para a contratación de mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación, formalizándose o contrato o 6 de xuño de 2005 en documento onde Cespa S.A. compromete á prestación do servizo con estrita suxeición ós pregos de condicións aprobados.

O prego de bases técnicas do contrato na súa cláusula 4.2.2 establece que o adxudicatario queda obrigado á reparación ou substitución e mantemento de todos os elementos incluídos no perímetro da zona verde adxudicada e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia ben sexa polo seu propio uso dos mesmos ou como consecuencia de actos vandálicos sufran un grao de deterioro que fagan aconsellábel a súa reposición, considéranse a estes efectos como elementos non vexetais entre outros as varandas, baldosas, valados, etc... No Anexo I do prego de bases técnicas inclúense as zonas de conservación e reposición entre as que figura a Praza da Estación do Ferrocarril onde acaece o suceso. Hai informe no expediente do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de datas 14/12/2005 e 20/02/2006 no que se atribúe o mantemento dos xardíns a Cespa S.A. polos danos, perdas e accións a terceiros, ocasionados polo seu persoal, a súa maquinaria ou a consecuencia da boa, mala ou nula realización dos traballos.

Por outra banda o artigo 97 do Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece como obriga do contratista a de indemnizar os danos e perdas que lle causen a terceiros as operacións de execución do contrato, salvo naqueles supostos do número 2 do mesmo artigo, correspondéndolle a Administración competente resolver tanto sobre a procedencia da indemnización como quen a debe pagar (artigos 123 da Lei de 16 de decembro de 1954, Lei de Expropiación Forzosa).

Cuarto.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual

responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Por outra banda, tanto o Consello Consultivo de Galicia como a xurisprudencia do Tribunal Supremo acollen o principio de que a carga da proba dos danos e a súa relación causal co funcionamento dun servizo público correspóndenlle á parte actora (entre outras, sentenzas do 04/11/1997 e 30/11/1999). E así aprecíanse do conxunto de actuacións no expediente importantes contradicións que non permiten establecer dun modo fehaciente unha vinculación secuencial entre o estado da beirarrúa o día 02/11/2005 e o dano padecido pola reclamante por canto o dano se refire a unha fractura no pulso dereito e na proba testifical practicada a única testemuña que identifica o dano concreto refírese ó pulso esquerdo. Tamén hai un parte de asistencia en urxencias do Hospital do Meixoeiro de data 21/11/2005 tras sufrir caída casual, co que aparece que hai dúas asistencias en Urxencias: unha no Hospital Xera-Cíes de 02/11/2005 que se refire a unha deformidade e outra no Meixoeiro de 21/11/2005, que diagnostica fractura de cóllex dereito.

Quinto.- Consonte co anterior, e de conformidade coa proba testifical practicada, así como fotografías que hai no expediente, resulta que o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito, polo que procede non estimar a reclamación de responsabilidade efectuada, da que sería responsábel Cespa S.A. pola falta da acreditación do necesario nexos causal entre a caída e a lesión en aplicación da doutrina citada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Luz Paz Álvarez Martínez, por mor dos danos físicos sufridos a consecuencia dunha caída diante da estación de ferrocarril o día 2 de novembro de 2005”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

20(825).- RECLAMACIÓN DE D^a. JULIANA PEDRAZUELA SECADES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 821/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 27.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Juliana Pedrazuela Secades presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de setembro de 2005, no que expón que o día 13 de xullo de 2005, mentres camiñaba pola rúa García Barbón, á altura do Club Financeiro de Vigo, sufriu unha caída debido ó mal estado dunhas baldosas na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 13/07/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Pedrazuela relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia das lousas soltas na beirarrúa polo que proceden a indicar a Vías e Obras que arranxen a zona.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/03/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.627,54 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 06/06/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Respecto ós danos que se reclaman, cómpre dicir:

- Acreditado no expediente que a reclamante caeu o día 13/07/2005 na rúa García Barbón, os danos físicos resultantes da caída valóranse no ditame médico solicitado ó efecto e emitido o 29/05/2005 en 4.207,54 euros por canto, consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, nel se di: “Por la lesión que ha presentado considero que se debe de considerar que desde el 16/07/2005 se deberá de considerar de incapacidad total, dado que ha tenido que permanecer con inmovilización y hasta el alta definitiva de fecha 19/10/06 de incapacidad parcial, restando como secuelas la cicatriz en mentón y una limitación funcional de la articulación interfalángica del primer dedo”.
- Alégase que debido á caída rompeuse un audífono interauricular, pero ningunha proba se achega ó efecto, non bastando a estes efectos factura de data 29/12/2003 e polo tanto moi anterior ós feitos, sen que no informe da Policía Local haxa ningunha manifestación ó respecto.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

E así no parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar a requirimento dos operarios da ambulancia do 061 que trasladou á afectada ó Hospital, constátase que no lugar había unhas baldosas soltas e levantadas, sen que haxa constancia nin das dimensións do desperfecto nin de a que distancia se podría apreciar visualmente por canto se ben se solicitou informe ó servizo de Vías e Obras ó efecto nel se di que no día da inspección o lugar atópase en perfecto estado de conservación non informando de ningún desperfecto, o que unido á idade da reclamante, circunstancia que se estima relevante ós efectos dunha debida deambulación, é polo que procede estimar a reclamación efectuada no tocante os danos físicos padecidos.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Estimar en parte a reclamación patrimonial formulada por Dna. Juliana Pedrazuela Secades por unha caída ocorrida o 13 de xullo de 2005 na rúa García Barbón e indemnizala coa contía de 4.207,54 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

21(826).- RECLAMACIÓN DE D^a. BEATRIZ PUGA SAENZ DE MIERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 826/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 27.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Beatriz Puga Sáenz de Miera presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de novembro de 2005, no que expón que o día 9 de novembro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, á altura do número 31, sufriu unha caída ó tropezar contra unha lousa de pedra que se atopaba fóra do seu sitio e apoiada contra unha parede sen protección nin sinalización, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 09/11/2005, no que os axentes actuantes manifestan que persoados no lugar dos feitos, a Sra. Puga relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia dunha focha na beirarrúa que deixara a lousa, ó estar esta desprazada dous metros.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/12/2005, no que indican que na data do informe a beirarrúa atopábase en bo estado.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.123,94 euros.
- Práctica de proba testifical, en data 28/02/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Puga, indicando que esta tropezara no oco deixado pola lousa desprazada
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 06/04/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 9 de novembro de 2005 a reclamante sufriu, tras caer na rúa Urzáiz á altura do número 31, unha lesión, segundo o parte do servizo de Urgencias do Hospital Povisa, con diagnóstica de escordadura de tornecelo esquerdo, que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 1.123,94 euros.
- De conformidade coa proba testifical practicada, así como informe da Policía Local que acudiu ó lugar tras producírense os feitos, estes tiveron lugar cando a reclamante meteu o pé no oco duns 2,5 centímetros de profundidade dunha baldosa que faltaba na beirarrúa, atopándose desprazada dous metros.
- Segundo a testemuña dos feitos ata que se chegaba ó lugar excto non se vía que faltaba a baldosa, e a solicitante atopábase embarazada, en avanzado estado de xestación, co que lle resultaba imposible ver o que había debaixo.

Por todo o que, acreditados tantos os danos como nexo causal preciso por canto o obstáculo non era facilmente apreciábel polos viandantes, e en especial para a reclamante dado o seu avanzado estado de xestación, é polo que procede estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial da Administración por estes feitos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. Beatriz Puga Sáenz de Miera, polos danos físicos acaecidos por mor dunha caída na rúa Urzáiz o día 9 de novembro de 2005, e indemnizala coa contía de 1.123,94 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

22(827).- RECLAMACIÓN DE D^a. LUISA VICENTE MONSALVO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 839/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 02.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dña. Luísa Vicente Monsalvo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de novembro de 2005, no que expón que o día 13 de outubro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Carballa, sufriu unha caída tras tropezar nunhas pedras incrustadas que se atopaban na vía, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/01/2006, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente.
- Informe do servizo de Electromecánicos, de data 06/03/2006, no que indican que o nivel de luminosidade da vía onde ocorreu o accidente é correcto.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.235,98 euros.
- Práctica de proba testifical, en data 09/06/2006, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Vicente.
- Evacuábase trámite de audiencia á reclamante (mediante a publicación por edictos), en data 25/09/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral,

obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Resultan datos constatados no expediente:

- A solicitante caeu o día 13 de outubro sobre as 19:00 horas e o ditame médico solicitado ó efecto valora as ditas lesións en 3.235,98 euros.
- Segundo o informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente, así como fotografías que se achegan con el, a rúa onde a reclamante caeu atópase sen urbanizar, sendo toda ela un desperfecto.
- Se ben a reclamante afirma unha deficiente iluminación na zona, solicitado informe ó servizo de Electromecánicos sobre as condicións de iluminación achega medición de niveis de luminosidade efectuados pola empresa IMES S.A. no camiño Carballa, con indicación de que os mesmos son correctos co tipo de vial. A testemuña dos feitos afirmou tamén que no momento de se producir a caída había boa visibilidade, e que os defectos da rúa ó pasar víanse ben.
- Segundo a dita testemuña a reclamante por canto tiña ó carón do lugar da caída un locutorio, polo que tiña que ser coñecedora do estado da rúa, ó ser veciño e pasar frecuentemente polo lugar, e afirmou que nunca viu caer no lugar a ninguén, salvo a Dna. Luísa.

No presente expediente, polo tanto, constátase o deficiente estado do camiño, circunstancia que, non obstante, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que se trata dun camiño sen asfaltar, de pedras, circunstancia esta que é perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, como quedou acreditado e non se trata de ningún defecto oculto.

Concorre ademáis neste expediente unha circunstancia moi cualificada e relevante, que é a que a reclamante tiña un locutorio ó carón do lugar da caída, e polo tanto era perfectamente coñecedora do seu estado (ditame Consello Consultivo de Galicia 291/2006).

Consecuentemente e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano e, seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Luísa Vicente Monsalvo por unha caída ocorrida o día 16 de novembro de 2005 na rúa Carballa, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

23(828).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ CAMPOS FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 854/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 27.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. José Campos Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de decembro de 2005, no que expón que o día 12 de xullo de 2005, ó circular co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-2138-AS, pola rúa Blein Budiño, tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha, producíndose danos materiais ó mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 12/07/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Campos relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia da focha na calzada xunta ó bordo da beirarrúa.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/01/2006, no que indican non entenderen que a roda se introducise nunha focha senón na tragante dun sumidoiro que se atopaba en perfectas condicións.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 10/02/2006, manifestando que os prezos contidos nas facturas nº 136 de Autohaus, S.L. e nº A/2005176 de Neumáticos Gil Vicente C.B., presentadas polo reclamante, por valores respectivamente de 103,04 e 11,99 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacuábase trámite de audiencia ó reclamante, en data 15/02/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade dun dano físico e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o

funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Non obstante, e de conformidade coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia (ditame 135/2006) en canto ó alcance dese principio de confianza a protección que dispensa o ordenamento non é sempre absoluta e incondicionada, resultando sempre esixíbel o inexcusábel cumprimento dun deber de atención, precaución e coidado por parte dos usuarios das vías públicas con ocasión da condución por elas.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así do expediente resulta que:

- Do informe do servizo da Vías e Obras que hai no expediente, de data 31/01/2006, que non hai no lugar ningunha focha senón unha tragante dun sumidoiro que está en perfecta condicións.
- Do parte de servizo da Policía Local que acudiu ó lugar a requirimento do reclamante recollendo as manifestacións por el efectuadas das circunstancias do accidente e danos no vehículo.

De todo o anterior resulta que non hai unha proba certa de que os danos do vehículo o foron a consecuencia dos feitos relatados, por canto o parte policial unicamente recolle as manifestacións do reclamante e a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental desprovista dunha eficacia probatoria, e non hai testemuñas directas dos feitos, polo que a ausencia de proba bastante abocaría a inviabilidade da pretensión practicada.

Non obstante, hai unha circunstancia que se considera relevante para desestimar esta reclamación, e que é que a calzada carecía de defectos por canto o oco nela érao un sumidoiro que se atopaba en perfectas condicións e que se atopan en toda a cidade, e tendo en conta a hora na que ocorreu o suceso, pola mañá, o conductor tiña que observar a súa existencia e adecuar as súas manobras de condución á súa existencia, por todo o que procede desestimar a reclamación presentada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Campos Fernández polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula PO-2138-AS durante un accidente ocorrido o día 12 de xullo de 2005 na rúa Blein Budiño”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

24(829).- RECLAMACIÓN DE D^a. MERCEDES PENABELLA ROMERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 859/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 03.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Mercedes Penabella Romero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de decembro de 2005, no que expón que o día 2 de decembro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Martín Códax, á altura do número 10, sufriu unha caída ó esvarar nunha chapa que tapaba unha focha, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/01/2006, no que indican que colocaron a chapa de forma provisional, para protexer os peóns de riscos de caídas nunha focha.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.117,67 euros.*
- *Práctica de proba testifical, en data 18/04/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Penabella.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 12/05/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliábel economicamente.

E así resulta acreditado que a reclamante caeu na rúa Martín Códax número 10, dándose un golpe na cabeza e recibindo atención no servizo médico de Urxencias que especifica que precisou 5 puntos de sutura. Solicitouse ditame médico ó efecto que foi emitido o 28/02/2006 á vista da documentación achegada e no que, consonte co establecido no artigo 89.5 da Lei 30/1992, se di “Lesionada de 50 anos de idade que con fecha 02/12/05 sofre una caída, sendo atendida en el Servicio de Urgencias del Hospital Xeral Cíes con el diagnóstico de: Herida inciso contusa, sin localizar la zona, siendo el tratamiento ganmaglobulina y antitetánica y sutura. El TCE sufrido no genera ningún trastorno neurológico que deba de ser tenido en cuenta. Ha permanecido de baja desde el 02/12/05 al 09/12/05 y no existen informes médicos que indiquen la existencia de cicatrices visibles que originen un perjuicio estético”. Tamén que “2 de los 7 días se deberían de considerar de carácter impeditivo y de considerar de carácter impeditivo y el resto no impeditivo”. Valora as lesións en 221,86 euros incrementados nun 10% pola idade laboral da reclamante.

Non se pode aceptar que de dita lesión se derivasen perdas estéticas por canto, consonte con dito ditame, non hai informes médicos que indiquen a existencia de cicatrices visíbeis que orixinen unha perda estética, e no parte de Urxencias non se especifica a zona da cabeza.

Tampouco resulta probado o dano nos anteollos que reclama a solicitante, por canto unha factura de compra nada proba de que se estropeasen ou rompesen a consecuencia da caída, e a testemuña non lembra nada ó respecto.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acoollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Do conxunto de actuacións practicadas no expediente, resulta que:

- A reclamante caeu ó esvarar nunha chapa que protexía unha focha e que se instalou conformre informa o servizo de Vías e Obras do Concello de data 09/01/2006, despois de recibir dúas reclamacións de Dna. Ana María Alonso Lorenzo e a Federación Provincial de Empresarios de Hostelería respectivamente co fin de evitar posíbeis riscos para os peóns.
- Da proba testifical practicada infírese que se podía ver a distancia, así como que nese día había boa visibilidade por canto había luz.
- A reclamante reside “a carón” do lugar da caída, concretamente no número 4 da rúa mencionada, e así o confirma a testemuña que di que son veciños e se coñecen dende hai 40 anos, co que tiña que ser

perfectamente coñecedora da colocación da chapa, feita con antelación segundo se desprende das reclamacións presentadas, primeiro cunha máis pequena, e co obxecto de previr riscos ós peóns máis tarde cunha maior, circunstancia esta que o Consello Consultivo de Galicia (ditame 291/2006) considera moi cualificada e relevante.

Consecuentemente, pódese dicir que a colocación da chapa ademais de non ser ningún defecto ou trampa oculto senón que a súa colocación tiña por obxecto precisamente evitar o risco para os peóns da existencia da fochanca na beirarrúa, sendo perfectamente observábel por isto dado o seu tamaño que parece ser ocupaba a beirarrúa como pola visibilidade que había e que por si mesma xa advertía dun risco, ó que se ten que engadir que a reclamante residía ó carón dese lugar e polo tanto tiña que ser coñecedora da súa instalación, non se lle coñecendo ningún defecto ou impedimento físico ou psíquico que lle impedise a súa percepción.

Cuarto.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Mercedes Penabella Romero por unha caída ocorrida o día 2 de decembro de 2005 na rúa Martín Códax, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

25(830).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ MIGUEL COVELO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 942/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 02.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. José Miguel Covelo Pérez interpón recurso de reposición mediante escrito en data 22 de marzo de 2007 contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro de 2007, notificada o 2 de marzo do mesmo ano, na que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos padecidos a consecuencia dunha caída por mor dunhas lousas que se atopaban soltas.

Fundamentos

Primeiro.-O recurso de reposición interponse dentro do prazo dun mes previsto no artigo 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Segundo.-

O recurso fundaméntase sinteticamente no informe da Policía Local que acudiu ó lugar faltan certos datos que o recorrente cita, mostrándose disconforme coa doutrina que se cita e na que se fundamenta a resolución impugnada. Así mesmo, que o proceso pode estar viciado tanto en defecto como na súa forma, xa que, entre outros, non se tiveron en conta os seus medios de proba nin o instrutor tivo suficientes medios obxectivos para encauzar a causalidade do accidente co funcionamento anormal duns servizos do Concello.

Terceiro.- Ó respecto dos novos datos que o recorrente cita, cómpre dicir que o artigo 112 da Lei 30/1992 di que non se terán en conta nos recursos feito, documentos ou alegacións do recorrente cando, poidendo presentalos no trámite de alegacións, non o tivese feito. Insiste en que non se citou o dono ou empregado do estanco, pero así como no seu escrito de data de entrada no Concello de 01/03/2006 propón como testemuña a Dna. Dolores Laso Cabaleiro, indicando os datos procedentes ós efectos da súa citación para a práctica da proba testifical, como así se fixo, non aconteceu ó respecto da persoa que se cita no recurso, que tiña que coñecer os datos precisos para dictar os actos de instrución necesarios e no seu escrito non se menciona como testemuña proposta.

Cuarto.- O procedemento realizouse de conformidade co disposto nos artigos 139 e 55 da Lei 30/1992, así como no Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial, non se apreciando nel ningún vicio procedemental, e as alegacións do interesado son manifestacións de parte carentes de virtualidade para desbotar a argumentación xurídica da resolución que se impugna.

Quinto.- Resulta competente para resolver este recurso a Xunta de Goberno Local, de conformidade co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, que establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa podrán ser recorridos potestativamente ante o mesmo órgano que os dictou.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de 19/02/2007, interposto por D. José Miguel Covelo Pérez en data 27/03/2007, mantendo firme a resolución impugnada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

26(831).- RECLAMACIÓN DE D^a. ELISA GÓMEZ PUENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 806/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 25.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Elisa Gómez Puente presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de outubro de 2005, no que expón que o día 8 de maio de 2005, mentres transitaba pola avenida de Florida, á altura dos números 13 e 15, sufriu unha caída ó pisar unha baldosa rota, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 08/05/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Gómez relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobaban a existencia dun desnivel na beirarrúa non perceptíbel a distancia.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.916,54 euros.
- Práctica de proba testifical, en data 22/02/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Gómez.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/03/2006, sobre o estado actual da beirarrúa, indicando que a mesma fora reparada por orde municipal e por persoal ordeado e dirixido pola oficina da O.S.P.I.O.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións En data 24/03/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditado que:

- Dna. Elisa Gómez Puente caeu o día 08/05/2005 na avenida Florida á altura dos números 13 e 15 producíndose unha lesión física no seu xeonllo esquerdo. O ditame médico solicitado ó efecto, valora a dita lesión en 2.916,54 euros, por canto, e consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, nel se di: “Por las lesiones sufridas considero que como días impeditivos se pueden computar 10 y como no impeditivos el resto hasta el 15/07/2005 fecha en que es dada de alta por su médico de cabecera, ya que en mi opinión 67 días son más que suficientes para la recuperación de una contusión y herida en la rodilla; no se contabiliza el resto de días ya que el alta de su médico de cabecera es del 15/07/05 y que no existe ningún informe médico que justifique que precisara hasta el 03/10/06 para la recuperación de sus lesiones. Lo que si computamos al alta es que resta un perjuicio estético ligero con una valoración de 1 punto por la cicatriz restante”.
- Segundo parte do servizo da Policía local que hai no expediente e que acudiu ó lugar dos feitos tras producirse a caída, esta comprobou que na beirarrúa había un pequeno desnivel produto dun pequeno afundimento que a simple vista non se pode observar con claridade desde lonxe.

Constátase polo tanto o feito da caída así como que foi causada a consecuencia de defecto na beirarrúa dificilmente perceptíbel polo que consonte coa doutrina mencionada procede estimar a reclamación efectuada na contía establecida no ditame médico solicitado.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar en parte a reclamación patrimonial formulada por Dna. Elisa Gómez Puente por unha caída ocorrida o día 8 de maio de 2005 na avenida de Florida e indemnizala coa contía de 2.916,54 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

27(832).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO POSADA DAVILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 825/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 27.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Antonio Posada Davila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de novembro de 2005, no que expón que o día 4 de novembro de 2005, ó saír do patio da Casa do Concello de Vigo, sufriu unha caída ó tropezar, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 04/11/2005, no que os axentes actuantes manifestan que foron testemuñas de cómo o Sr. Posada, ó intentar saír da lonxa do edificio, golpeouse contra unha das cristaleiras fixas, producíndose danos de carácter físico.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.033,69 euros.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, en dta 06/02/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatada no expediente a existencia dun dano avaliábel economicamente:

- Por unha banda, que a consecuencia do golpe contra a cristalería dunha porta de acceso ó Concello, o reclamante impactou coa cabeza, producíndose lesións físicas que o ditame médico solicitado ó efecto valor en 1.033,69 euros.
- Por outra, o reclamante que foi trasladado pola Policía Local á Clínica Nuestra Señora del Perpétuo Socorro realizou un gasto pola asistencia prestada de 145 euros.

Terceiro.- No que respecta á relación de causalidade entre os danos acreditados e o funcionamento dun servizo público, hai no expediente parte do servizo da Policía Local de data 04/11/2005, que observou os feitos e no que se di que a cristaleira contra a que impactou o reclamante non presentaba ningún tipo de distinción e segundo o venedor da ONCE xa era o terceiro que impactaba polo que, acreditada a dita relación causal, procede estimar a reclamación presentada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación de danos formulada por D. Antonio Posada Davila por un accidente sufrido o día 4 de novembro de 2005 no patío da casa do Concello e indemnizalo coa contía de 1.178,69 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

28(833).- RECLAMACIÓN DE D. JOSEFA MARTÍNEZ EIRAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 828/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 27.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Josefa Martínez Eiras presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de novembro de 2005, no que expón que o día 12 de novembro de 2005, mentres camiñaba pola avenida Florida, sufriu unha caída ó tropezar contra unha lousa despegada e sen sinalizar, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 12/11/2005, no que os axentes actuantes manifestan que persoados no lugar dos feitos, a Sra. Martínez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia dunha focha, ó estar a louseta desprazada pola reclamante (para evitar máis caídas) e doutras lousas soltas e oscilantes ó pisar.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 16/12/2005, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, no que indican que se realizou a reparación da rúa por orde e persoal do taller de Vías e Obras.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 868,44 euros.*
- Práctica de proba testifical, en data 12/04/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Martínez.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 12/04/2006, que non formula alegacións mais presenta nova documentación relativa ó seu accidente.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

d) *Que non sexa producto de forza maior.*

Segundo.- *Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

Terceiro *A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditados que:

- *Dña. Josefa Martínez Eiras sufriu unha caída mentres camiñaba pola avenida Florida ó tropezar cunha lousa da beirarrúa que se atopaba levantada, golpeándose o xeonllo dereito, lesión física que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 868,44 euros.*
- *Resulta trascendente no expediente a proba testifical practicada, por canto a Policía Local acudiu ó lugar unha vez que tiveron lugar os feitos. E así a testemuña di que no mento da caída era de día, había boa visibilidade e que a reclamante tropezou cunha lousa que se atopaba levantada, estando no lugar catro lousas levantadas e ademais faltaban outras dúas, así como que os defectos se podían ver a menos que un estivese cego.*
- *Se ben a reclamante afirma que a consecuencia da caída rompeu os anteollos e o vestiario, nada acredita ó efecto.*

Consecuentemente e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano e, e seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- *Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento*

danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Josefa Martínez Eiras por unha caída ocorrida o día 12 de novembro de 2005 na avenida Florida, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

29(834).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA Ó ABEIRO DA ORDE DO 16.03.07 PARA A MODERNIZACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 17721/240.

Examinadas as actuacións do expediente:

1º.- Dáse conta do informe-proposta do interventor técnico no Mercado do Progreso, do 26.04.07, que di o seguinte:

En Vigo, a 25 de abril de 2007, e en relación ó asunto que figura no encabezado, efectúase a presente proposta de Resolución polo asinante toda vez que o 12/04/06 o Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Vigo acordou “Nomear a D. Miguel A. Pola Tombo, Vocal do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo para o desempeño das funcións encomendadas pola resolución de Alcaldía de data 15 de marzo de 2006 (nela encomendábase a tramitación do expediente do Mercado do Progreso) nos supostos de ausencia de Dona Beatriz Barbará Rodríguez ou, en colaboración con ésta, cando a carga de traballo así o requira, sin prexuízo das cuestións que directamente se lle encomenden”. Por outra banda, a Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 11/09/06 acordou nomear ó asinante Interventor Técnico no Mercado do Progreso.

Á vista do indicado, emítase o presente Informe-Proposta en base ós seguintes

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en Sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o 28 de abril de 2006, adoptou o seguinte acordo:

“2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA PARA A MODERNIZACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 17721/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe valorado sobre as deficiencias detectadas no Mercado do Progreso, sito na rúa Progreso do Concello de Vigo, do arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 28.04.06, que di o seguinte:

Solicítase deste servizo técnico un informe valorado sobre o estado de conservación e as deficiencias nas instalacións do mercado municipal do Progreso.

O Técnico Municipal que redacta o presente informe xa informou en data 23 de xuño de 2005 das deficiencias detectadas no inmoble. O presente informe ven a confirma-las deficiencias indicadas neste informe previo, comprobando que dende esa data non se fixo reparación algunha para solventa-los graves problemas existentes, que se poden resumir como segue:

- Deficiencias estruturais: o forxado de teito da zona de administración, na planta baixa do mercado, ten problemas de corrosión estando afectados cáseque tódolos seus elementos estruturais (viguetas, vigas e capa de compresión do forxado).

- Deficiencias nas instalacións que afectan á seguridade dos usuarios: o estado das instalacións de sinalización, alumeado de emerxencia, protección contra incendios e compartimentación de sectores de incendio na totalidade do edificio non acada as condicións que estipula a NBE-CPI 96 nin as mínimas condicións esixibles para garanti-la seguridade dos usuarios no caso de que se produza un incendio.

- Deficiencias nas condicións de salubridade e hixiene: ademáis das deficiencias detectadas en canto a limpeza, desinfección, etc, hai que salienta co pavimento e a instalación de saneamento presentan síntomas visibles de degradación e dun incorrecto funcionamento.

1. DEFICIENCIAS ESTRUCTURAIS

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL ESTIMADO: 25.550'00 euros

O forxado de teito da zona de administración, na planta baixa do mercado, ten problemas de corrosión estando afectados cáseque tódolos seus elementos estruturais (viguetas, vigas e capa de compresión do forxado). A día de hoxe non se procedeu a facer reparación algunha e o seu estado vai deteriorándose co paso do tempo sen que se adopten as medidas para o seu arranxo.

O estado do forxado a rehabilitar obriga a segui-los seguintes pasos na execución da obra:

1. Procederase a apea-lo forxado afectado, de 6'10m * 6'30m. Deberanse dispor os elementos de apeo de xeito que se garanta unha correcta transmisión de cargas ó forxado de solo da entreplanta.
2. Valorarase a magnitude dos danos e as zonas de forxado afectadas mediante catas que permitan comproba-lo estado dos armados superiores do forxado. No caso de que tamén se atopen afectados por corrosións deberanse substituir por completo os nervios formigonando dende a planta superior ou, no caso extremo, substituí-lo forxado enteiro. A decisión definitiva deberá tomarse unha vez que se fagan as catas necesarias para valora-lo seu estado con claridade.
3. As reparacións faranse en cada un dos elementos e en cada unha das caras de forma consecutiva. Non se farán reparacións simultáneas de dous elementos (viga – pilar) no mesmo momento. Contémplase a reparación das vigas e pilares deste tramo de forxado (tanto a viga lateral de medianeira coma a viga estrutural do forxado, así como os pilares afectados).
4. Deberá sanearse e limpa-lo formigón desprendido dos elementos estruturais así coma as armaduras de aceiro corrugado que sufran procesos de oxidación.

5. *Aplicar LANKO 760 (ou produto de semellantes características) como capa de adherencia sobre o formigón existente e como pasivante das armaduras de aceiro corrugado.*
6. *Nas zonas onde se comprobe a perda de sección de aceiro colocárase un novo armado cos anclaxes e solapes normativos. O anclaxe farase con epoxi LANKO 707 (ou produto de semellantes características).*
7. *Completárase a sección dos elementos resistentes con LANKO 731 (ou produto de semellantes características).*
8. *Finalmente deberán protexelas vigas e esteos aplicando un morteiro LANKO 101 (ou produtos de semellantes características) cunha malla de fibra antialcalina, pintando como acabado final.*
9. *O tramo de forxado que presenta un cambio de nivel poderase repoñer completando as viguetas do mesmo xeito que no caso dos tramos afectados por corrosións.*

A obra plantexada ten unha execución complexa por dúas razóns:

- *A obra desenvólvese nun mercado polo que non se pode traballar nas horas de maior afluencia de público e precísase controla-la emisión de residuos por cuestións de hixiene na manipulación de alimentos.*
- *Por outra parte non se coñece a magnitude total da obra de reparación xa que é necesario o picado dos elementos estruturais para comproba-lo seu estado, momento en que deberán adoptarse as medidas de reforzo mais axeitadas. No caso de que os armados da capa de compresión do forxado estiveran afectados precisaríase demole-los baños da planta superior e afectar incluso a algún posto de venta desa mesma planta.*

2. DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL ESTIMADO: 167.500'00 euros

O edificio construíuse antes da entrada en vigor da vixente normativa de protección contra incendios NBE CPI-96. O estado actual das instalacións non cumpre cas condicións que establece a esta norma para o uso de garaxe – aparcamento e para o uso de mercado. Aínda que a propia NBE CPI-96 establece que soamente será obrigatorio o cumprimento das condicións establecidas por esta norma nos casos de obras de reforma total ou parcial das instalacións, considérase que é necesario proceder a face-las obras necesarias para o seu cumprimento xa que diso depende a seguridade dos usuarios deste equipamento.

As condicións de compartimentación, evacuación, sinalización e instalacións cas que debe contar esta zona, cunha superficie total de 3.350 m2 distribuídos en dúas plantas, son as seguintes:

- *As zonas de compartimentación con outros usos (plantas de venda de produtos) deberán ter accesos a traveso de vestíbulos previos con portas RF-30 e apertura cara ó vestíbulo. O aparcamento deberá ser un sector de incendios independente do resto do edificio. Nestes intres non existe vestíbulo previo de acceso ó garaxe, as portas non teñen aperturas antipánico e abren cara ó interior do garaxe cando debería ser ó contrario.*
- *O acceso ós ascensores que comunican o garaxe cos outros usos deberá realizarse a traveso dun vestíbulo previo con paredes e teitos RF-120 e porta RF-60 de paso o garaxe.*
- *As escaleiras para evacuación ascendente deberán ser especialmente protexidas cumprindo as condicións especificadas na normativa. Nestes intres as escaleiras non están separadas do espacio de mercado polo que non cumpren o especificado pola normativa.*

- Os extintores, de eficacia 21A-113B, estarán situados a menos de 15m de todo punto das zonas de circulación ou distribuídos segundo a relación 1/20 prazas. O emprazamento actual dos extintores non cumpre con esta disposición.
- As dúas plantas de soto deben contar con bocas de incendio equipadas tipo 25mm con mangueras que cheguen a calquera punto das zonas de circulación. Como mínimo instálase unha boca preto de cada saída. As bocas instaladas na totalidade do edificio cumpren, pero non existe presión na rede polo que non poderían cumprir a súa función en caso de incendio.
- O garaxe-aparcamento deberá contar cun sistema de detección e alarma xa que a súa superficie construída e maior de 500 m². Agora non hai instalado sistema ningún.
- Deberase instalar un sistema de alumeado de emerxencia. As luminarias de emerxencia instaladas (soamente no soto 2) non son suficientes e non garanten a iluminación mínima esixida pola normativa.
- A sinalización de saídas e dos percorridos fíxose segundo o disposto na norma UNE 23-034. A sinalización existente non cumpre co esixido na normativa.
- A sinalización dos medios manuais de protección fíxose segundo o disposto nas normas UNE 23-033 e 81-501. A sinalización existente non cumpre co esixido na normativa.
- A iluminación das sinais fíxose con iluminación propia de emerxencia ou mediante fotoluminiscencia conforme á norma UNE 23-035-1. A instalación existente non cumpre co esixido na normativa.
- A extracción de fumes en caso de incendio pode ser por ventilación natural ou forzada. Soamente o soto 2 dispón dun conducto de ventilación perimetral que, polo seu estado de conservación, non garante a renovación de aire necesaria. O soto 1 non dispón de instalacións de renovación de aire. As condicións existentes parecen aconsellar a instalación de ventilación forzada garantindo 6 renovacións por hora e bocas de extracción a menos de 25m de calquera punto.

A iluminación en determinadas zonas dos dous sotos é deficiente. Aínda que se procedese a substituí-las fluorescencias fundidas, cuestión que non se fai ca periodicidade aconsellable, non se acadaría o nivel de iluminación esixible para este tipo de recinto, polo que haberá que incrementala incorporando novas luminarias segundo estudo de iluminación pendente de redacción.

3. DEFICIENCIAS NAS CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE E HIXIENE

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL ESTIMADO: 43.500'00 euros

Ademais dos traballos necesarios para garanti-las condicións de salubridade e hixiene das instalacións que recollerán os informes sectoriais encargados polo propio Concello a outros departamentos, recóllense aquí as obras de reparación necesarias no pavimento e na rede de saneamento.

- O pavimento presenta deterioros en varias zonas, por exemplo nas escaleiras, onde se amosan oxidacións procedentes do armado das lousas e forxados. O desgaste do pavimento, ademais de ocasionar problemas de

hixiene, permite o contacto das augas procedentes da limpeza das instalacións (que conteñen sales) ca estrutura iniciando así un proceso de oxidación que afectará, si non

- se remedia a tempo, á resistencia dos elementos estruturais destas zonas (como sucedeu na zona de administración). Plantéxase a necesidade de renova-la totalidade do pavimento das dúas plantas do mercado municipal incluíndo o arranxo dos sumidoiros, que están a presentar problemas de estanqueidade.

- Compróbase a existencia de goteiras en varias zonas procedentes da rede de saneamento e evacuación de augas residuais da planta primeira. Hai sumidoiros cegados e outros atópanse atascados polo que en determinadas zonas as augas procedentes dos postos de peixe non teñen saída directa á rede de saneamento Existen filtracións de augas residuais dende os sumidoiros e dende as canles existentes no solo da planta primeira, nas zonas ocupadas polos postos de venta de peixe. Estas augas residuais caen enriba de postos de venta da planta baixa ou enriba de zonas de circulación. O falso teito desta planta xa amosa os síntomas de humidade propios de filtracións non resoltas dende hai tempo. Contémplase a renovación da rede de saneamento incluíndo sumidoiros e baixantes ata as arquetas existentes no segundo soto.

- A cuberta do mercado presenta problemas puntuais de filtracións de auga que haberán de repararse mediante o reforzo da impermeabilización da cuberta neses puntos.

4. OUTRAS OBRAS PREVISTAS

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL ESTIMADO: 11.300'00 euros

- Os aseos do aparcamento serán obxecto de reconstrucción total, toda vez que nestes intres non acadan as condicións mínimas de servizo para que poidan estar abertos ó público. Na súa reforma adoptaranse as medidas necesarias para que acaden a condición de adaptados segundo a Lei e o Regulamento de Accesibilidade.

- Non existen aseos adaptados para persoas con minusvalías polo que deberá procederse á renovación dos aseos para que cumpran como adaptados.

O prazo de execución estimado para o conxunto das obras descritas é de dous meses e medio contados a partires da data da Acta de Comprobación de Replanteo.

5. ORZAMENTO TOTAL PREVISTO PARA O CONXUNTO DE ACTUACIÓNS

REPARACIÓN DEFICIENCIAS ESTRUCTURAIS:	25.550'00 euros
REPARACIÓN DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS:	167.500'00 euros
MELLORA DAS CONDICIÓNS HIXIÉNICAS:	43.500'00 euros
OUTRAS OBRAS DE MELLORA:	11.300'00 euros

TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL PREVISTO: 247.850'00 euros

GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL 19%: 47.091'50 euros

TOTAL ORZAMENTO CONTRATA: 294.941'50 euros

IVE 16% 47.190'64 euros

TOTAL ORZAMENTO CONTRATA + IVE 342.132'14 euros

O orzamento previsto para o conxunto das actuacións descritas é de 342.132'14 euros (TRESCENTOS CORENTA E DOUS MIL CENTO TRINTA E DOUS EUROS CON CATORCE CENTIMOS) incluíndo gastos xerais (13%), beneficio industrial (6%) e IVE (16%).

Estase a desenvolver-lo proxecto de execución que recolle o conxunto de obras a executar neste equipamento municipal, no que se especificará pormenorizadamente o orzamento de cada unha das partidas de obra incluíndo prezos auxiliares e descompostos e liñas de medición.

Así mesmo, dáse conta do informe proposta, do 28.04.06, da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 28.04.06, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, que di o seguinte:

O Excmo. Concello de Vigo na actualidade está xestionando directamente o Mercado do Progreso por mor dos incumprimentos contractuais da concesionaria e a inviabilidade da súa explotación.

O Sr. Arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, en informe de data 28 de abril de 2006, manifesta as deficiencias detectadas no inmoble, que se poden resumir en:

- Deficiencias estruturais: o forxado de teito da zona de administración, na planta baixa do mercado, ten problemas de corrosión estando afectados cáseque tódolos seus elementos estruturais (viguetas, vigas e capa de compresión do forxado).
- Deficiencias nas instalacións que afectan á seguridade dos usuarios: o estado das instalacións de sinalización, alumeado de emerxencia, protección contra incendios e compartimentación de sectores de incendio na totalidade do edificio non acada as condicións que estipula a NBE-CPI 96 nin as mínimas condicións esixibles para garanti-la seguridade dos usuarios no caso de que se produza un incendio.
- Deficiencias nas condicións de salubridade e hixiene: o pavimento e a instalación de saneamento presentan síntomas visibles de degradación e dun incorrecto funcionamento.

Ante esta situación, faise preciso acometer obras que garanten a seguridade e salubridade do mercado e que fagan viable continuar coa súa explotación, tanto para garantir os postos de traballo dos titulares dos postos do mercado, como para relanzar a actividade relallista na zona centro da nosa cidade.

No informe citado do Sr. Arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, anexo ó presente informe, detállanse as obras á realizar, e o investimento preciso para realizalas, que ascende a contía de 342. 132, 14 €, incluíndo gastos xerais (13%), beneficio industrial (6%) e IVE (16%).

Tal e como establece o artigo 1º.3 da Orde mencionada, terán que ser os concellos da Comunidade Autónoma os que procedan á solicitude destas axudas, para posteriormente proceder á súa licitación.

Xa que a contía máxima prevista no Plan de Axudas da Xunta de Galicia para cada investimento non poderá exceder do 70% da totalidade de cada proxecto, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo asinará un convenio de colaboración cos titulares dos postos do mercado para comprometer o resto do investimento, dado que consonte ó disposto no Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais, aprobado por acordo plenario de data 30 de novembro de 1993, na súa cláusula VIII.1, estos "aboarán ó concesionario, mensualmente ou coa periodicidade que fixe, as cantidades que o concesionario establezca para cada exercicio

económico en concepto de contraprestación polos gastos que ó concesionario lle ocasione a xestión e explotación dos mercados, incluídas as obras que afecten ó inmovible, servizos ou elementos de utilización xeral”.

Dado que o prazo de presentación de solicitudes remata o día 29 de abril, procede a aprobación por parte da Xunta de Goberno Local da solicitudes de subvención que se presentarán diante da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, tal e como esixe o apartado 2.a) do artigo 3º da Orde de referencia.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobado o informe valorado sobre as deficiencias detectadas no Mercado do Progreso, sito na rúa Progreso do Concello de Vigo do Sr. Arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, anexo ó presente informe.

2º.- Solicitar á Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ó abeiro da Orde de 9 de marzo de 2006, publicada no DOG nº 57, con data 22 de marzo, unha subvención de 239. 492, 5 € para o investimento previsto no Mercado do Progreso, segundo os conceptos e contías que se describen a continuación:

REPARACIÓN DEFICIENCIAS ESTRUCTURAIS:	25.550'00 €
REPARACIÓN DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS:	167.500'00 €
MELLORA DAS CONDICIÓNS HIXIÉNICAS:	43.500'00 €
OUTRAS OBRAS DE MELLORA:	11.300'00 €
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL PREVISTO:	247.850'00 €
GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL 19%:	47.091'50 €
TOTAL ORZAMENTO CONTRATA:	294.941'50 €
IVE 16%	47.190'64 €
TOTAL ORZAMENTO CONTRATA + IVE	342.132'14 €”.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aprobado o informe valorado sobre as deficiencias detectadas no Mercado do Progreso, sito na rúa Progreso do Concello de Vigo do Sr. Arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, que se recolle na parte expositiva deste acordo.

2º.- Solicitar á Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ó abeiro da Orde de 9 de marzo de 2006, publicada no DOG nº 57, con data 22 de marzo, unha subvención de 239. 492, 5 € para o investimento previsto no Mercado do Progreso, segundo os conceptos e contías que se describen a continuación:

REPARACIÓN DEFICIENCIAS ESTRUCTURAIS:	25.550'00 €
REPARACIÓN DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS:	167.500'00 €
MELLORA DAS CONDICIÓNS HIXIÉNICAS:	43.500'00 €
OUTRAS OBRAS DE MELLORA:	11.300'00 €
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL PREVISTO:	247.850'00 €
GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL 19%:	47.091'50 €

TOTAL ORZAMENTO CONTRATA:	294.941'50 €
IVE 16%	47.190'64 €
TOTAL ORZAMENTO CONTRATA + IVE	342.132'14 €.”

SEGUNDO.- En data 28 de abril de 2006, foi presentada a solicitude de subvención xunta coa documentación anexa ante a Xunta de Galicia, si ben, debido fundamentalmente á baixa por enfermidade da Técnico do Servizo de Patrimonio asinante da solicitude e da anómala situación existente na xestión do Mercado (que obrigou incluso a declarar o secuestro da concesión) fíxose preciso posponer a proxectada remodelación do Mercado do Progreso.

A día de hoxe, estáse en condicións de abordar o proxecto de reforma da mencionada instalación, considerándose coma válida a documentación aportada xunta coa solicitude de 28/04/06.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en data 23/04/07 (ASUNTO: APROBACIÓN DE TARIFAS POLO USO DOS POSTOS DO MERCADO DO PROGRESO PARA O ANO 2007, DE LIQUIDACIÓNS DE ATRASOS ÓS TITULARES DOS POSTOS ATA MARZO DE 2007 E INCOACIÓ DE PROCEDIMENTO PARA A SUBHASTA DOS POSTOS VALEIROS), acordóu o seguinte:

“TERCEIRO.- Incoar o procedemento para a subhasta dos postos do Mercado do Progreso que se citan, por un período de vintecinco anos e o compromiso municipal de que, de seren otorgada nova concesión sobor da explotación do Mercado do Progreso, os ditos compromisos serán respetados, coa cota mensual que se desprende da primeira columna e o tipo mínimo de licitación que se desprende da segunda, segundo o seguinte detalle:

Expediente	posto	Cota mes	SUBHASTA
B07	7 Peixe	83,22 €	3.252,97 €
B31	31 Peixe	83,22 €	3.252,97 €
B47	47 Peixe	83,22 €	3.252,97 €
Expediente	posto	Cota mes	SUBHASTA
B48	48 Peixe	83,22 €	3.252,97 €
C01	1 Carne	173,28 €	6.773,30 €
C04	4 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C05	5 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C10	10 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C11	11 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C26	26 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C31	31 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C33	33 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C38	38 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C39	39 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C40	40 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C41	41 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C43	43 e 44 Panadería	173,28 €	6.773,30 €
C44	44 Panadería	173,28 €	6.773,30 €
C45	45 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C46	46 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
C53	53 Carnes	173,28 €	6.773,30 €
F08	8 Froitas	112,95 €	4.415,08 €

F09	9 Froitas	112,95 €	4.415,08 €
M03	3 Bancada central	83,22 €	3.252,97 €
M05	5 Bancada central	83,22 €	3.252,97 €
M06	6 Bancada central	83,22 €	3.252,97 €
M04	4 Bancada central	83,22 €	3.252,97 €
		3.837,42 €	150.000,00 €

“

Polo que estaríase en condicións, de resultas do procedemento de subhasta, de dispoñer de fondos propios para a financiación municipal por un importe mínimo de 150.000 €, sin prexuízo de outras fórmulas de financiamento alternativas.

CUARTO.- Considerando que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo xa manifestóu no transcrito acordo a súa vontade de solicitar a subvención á Consellería de Innovación e Industria, e que delegóu no Primeiro Tenente de Alcalde a adopción das medidas necesarias para a execución dos seus acordos en relación có Mercado do Progreso e que parte da documentación necesaria obra xa en poder da Administración á que se solicita a axuda, considérase que, sin prexuízo das subsanacións necesarias que sexan requeridas pola Consellería de Innovación e Industria, ou da documentación complementaria que se presente, cúmplense os requisitos para considerar coma válidamente solicitada a subvención coa sinatura polo Sr. Primeiro Tenente de Alcalde do decreto de aprobación do presente Informe-Proposta e a presentación do impreso de solicitude que figura coma anexo da Orde de 16 de marzo de 2007, así coma copia cotexada da solicitude rexistrada de entrada o 28 de abril de 2006 e certificación do Acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de abril de 2006.

Vistos os feitos e fundamentos indicados, proóñse ó Sr. Primeiro Tenente de Alcalde a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar á Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ó abeiro da Orde de 16 de marzo de 2007, publicada no DOG nº 60, con data 26 de marzo, unha subvención de 239.492,5 € para o investimento previsto no Mercado do Progreso, segundo os conceptos e contías que se describen a continuación:

<i>REPARACIÓN DEFICIENCIAS ESTRUCTURAIS:</i>	<i>25.550'00 €</i>
<i>REPARACIÓN DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS:</i>	<i>167.500'00 €</i>
<i>MELLORA DAS CONDICIÓNS HIXIÉNICAS:</i>	<i>43.500'00 €</i>
<i>OUTRAS OBRAS DE MELLORA:</i>	<i>11.300'00 €</i>
<i>TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL PREVISTO:</i>	<i>247.850'00 €</i>
<i>GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL 19%:</i>	<i>47.091'50 €</i>
<i>TOTAL ORZAMENTO CONTRATA:</i>	<i>294.941'50 €</i>
<i>IVE 16%</i>	<i>47.190'64 €</i>
<i>TOTAL ORZAMENTO CONTRATA + IVE</i>	<i>342.132'14 €.</i>

2º.- *Dáse conta do Decreto do Primeiro Tenente de Alcalde de data 26 de abril de 2007, referido ó asunto de referencia, que di:*

“DECRETO.- Visto o informe-proposta que antecede, ACORDO prestar conformidade ó mesmo, é en consecuencia: Solicitar á Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ó abeiro da Orde de 16 de marzo de 2007, publicada

no DOG nº 60, con data 26 de marzo, unha subvención de 239. 492, 5 € para o investimento previsto no Mercado do Progreso, segundo os conceptos e contías que se describen a continuación:

REPARACIÓN DEFICIENCIAS ESTRUCTURAIS:	25.550'00 €
REPARACIÓN DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS:	167.500'00 €
MELLORA DAS CONDICIÓNS HIXIÉNICAS:	43.500'00 €
OUTRAS OBRAS DE MELLORA:	11.300'00 €
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL PREVISTO:	247.850'00 €
GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL 19%:	47.091'50 €
TOTAL ORZAMENTO CONTRATA:	294.941'50 €
IVE 16%	47.190'64 €
TOTAL ORZAMENTO CONTRATA + IVE	342.132'14 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

30(835).- PROXECTO DE CONVENIO DE MUTUO ACORDO PARA A RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN EXPLOTACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 18058/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do técnico de Admón. Xeral, do 10.05.07, conformada polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar a conformidade á proposta do convenio de mutuo acordo para a resolución do contrato de concesión da xestión e explotación do Mercado do Progreso, redactado conxuntamente polos asesores do Concello e a concesionaria, demorando o seu outorgamento ó cumprimento dos condicionantes expostos no informe-proposta obxecto de ampliación de 24 de abril de 2007 e a previa aprobación do proxecto de convenio pola Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso.

2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para que, asistida polo órgano de apoio da Xunta de Goberno Local, outorgue o convenio unha vez se acredite mediante certificación expedida polo tesoureiro municipal do cumprimento da cláusula quinta da proposta do convenio que se aproba.

En Vigo, a de maio de 2007.

Dª Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Concello de Vigo e,

Dª Lourdes Gil Moure, con DNI nº, Presidenta da Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso.

INTERVEÑEN

A primeira en nome e representación do Concello de Vigo, en uso das atribucións que lle confire o artigo 124.1 da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e en cumprimento do acordo da Xunta de

Goberno Local adoptado en sesión de data

A segunda en nome e representación da Asociación de Comerciantes e Vendedores de O Mercado do Progreso de Vigo, acreditando atoparse facultada para este acto en virtude do acordo da Asemblea que rexe dita Asociación de data....., que exhibe.

EXPOÑEN

I.- A Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo é titular da concesión de xestión e explotación do servizo de mercado do mesmo nome dende o mes de agosto do ano 2004 en virtude de execución e cumprimento de sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 23 de xuño de 1997, que estimou o recurso presentado pola Asociación contra acordo do Concello de Vigo de 31 de agosto de 1994 pola que se adxudicaba a concesión referida á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal “ O Progreso” de Vigo.

II.- A Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 10 de maio de 2006, ante o funcionamento anómalo do servizo concedido adoptou acordo de asumir temporalmente a xestión directa da concesión outorgada ó obxecto de garantir a continuidade do servizo, situación que se mantén no día de hoxe.

III.- O funcionamento anómalo do servizo ten a súa orixe na dificultade na que se atopa o concesionario para xerar os ingresos suficientes que poidan financiar os gastos de xestión, mantemento e explotación do inmovible e do servizo, dificultade provocada pola negativa da práctica totalidade dos titulares dos postos a satisfacer ás correspondentes contas de aluguer, feito que conleva a descapitalización da empresa concesionaria.

IV.- As partes intervintes entenden que a pesares das distintas conversas mantidas para encauzar a situación e a pesares dos procedementos sancionadores incoados polo Concello ós titulares dos contratos de arrendamento a situación fáctica descrita mantense inalterable o que demostra un distanciamento absoluto no mínimo entendemento e liderazgo que, nunha relación destas características, debe existir entre a Asociación concesionaria e os titulares dos postos, situación que pola súa magnitude xeral dificilmente pode ser reconducida a través dos medios coercitivos previstos na lexislación vixente sen producir a paralización ou inclusive o peche dun servizo público que debe considerarse esencial.

V.- Así as cousas o Concello entende que existen sobradas razóns de interese público que recomendan a extinción do contrato por mutuo acordo ó ser inconveniente para o interese público a súa permanencia.

En virtude do exposto, ó amparo do sinalado nos artigos 111.c); 112.4 e 113.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, as partes, no uso da autonomía da súa vontade contractual confluen no seu consentemento de resolver e deixar sen efecto o contrato con arranxo as seguintes;

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O Concello de Vigo asume a totalidade das débedas –obrigas de pago- que a Asociación Concesionaria ten contraído coas empresas que se citan contratadas no seu día para a prestación de distintos servizos no mercado incluíndo nelas aquelas que sexan consecuencia da defensa extraxudicial ou xudicial dos seus intereses:

- Limpezas Cies S.L.
- Porteros e Controladores Industriales S.L.
- Aqualia S.A.
- Securitas Seguridade España S.A.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo non asume débeda de ningunha outra clase ou condición que, con calquera terceiro, pudiera ter contraído a Asociación Concesionaria durante o periodo da xestión indirecta do servizo no mercado do Progreso.

TERCEIRA.- Será a cargo da Asociación o pago dos honorarios dos letrados ou profesionais a quen horberan encomendado a defensa dos seus intereses.

CUARTA.- A Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso comprométese a desistir de tódalas reclamacións administrativas e recursos contenciosos-administrativos que teña interpostos contra o Concello de Vigo por razón da concesión do servizo resolto de mutuo acordo neste acto e o Concello simultaneamente comprométese a aceptar tal desestimento.

QUINTA.- O Concello de Vigo en concepto de indemnización da rendabilidade -beneficio industrial- deixada de percibir polos anos que restan de concesión comprométese a aboar á Asociación Concesionaria a cantidade de 150.000 € que será satisfeita na súa integridade cando se produza o efectivo ingreso na Recadación municipal das cantidades derivadas do Acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de abril de 2007 no expediente de Aprobación de Tarefas polo uso dos postos do Mercado do Progreso para o ano 2007 e de liquidacións de atrasos ata marzo de 2007.

SEXTA.- As partes acordan someterse para tódalas cuestións litixiosas derivadas da interpretación e aplicación deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa dos Xulgados de Vigo con expresa renuncia de calquera outro foro.

E en proba de conformidade e aceptación e para que o estipulado surta os efectos oportunos as partes subscriben por triplicado o presente convenio no lugar e data consignados no encabezamento.

31(836).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, conformados polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

a) CITYFER S.L. EXPTE. 73380/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 1 de setembro de 2005 por CITYFER, S.L, con NIF B-36.954.154 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa MEXICO, 26, por non producirse danos.

b) CONSTRUCCIONES MAFIVER S.L. EXPTE. 73381/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 17 de xaneiro de 2006 por CONSTRUCCIONES MAFIVER, S.L, con NIF B-36.767820 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa CRUZ BLANCA, 21, por non producirse danos.

c) ORECO S.A. EXPTE. 73384/210.

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 1 de setembro de 2005 por ORECO, S.A, con NIF A-36.614.691 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa MEXICO, 49, por non producirse danos.

d) PROCOEGA S.L. EXPTE. 73391/210.

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 25 de abril de 2005 por PROCOEGA, S.L, con NIF B-36.352.284 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa CANADELO ALTO, 57, por non producirse danos.

e) ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A. EXPTE. 73393/210.

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución dos avales constituídos en data 31 de maio de 2005 por ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A, con NIF A-15008485 por un importe de 30.000 € e outro por importe de 3.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo do paso de camións a través da beirarrúa, por mor das obras de carga e descarga na rúa COLON, 36 (expte 70815/210), por non producirse danos.

32(837).- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE 200 M2 PARA A MELLORA DE ACCESO DO CAMIÑO DA HERMIDA-GONTADE DE OIA. EXPTE. 50135/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 4.05.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O 31.08.06 dona Rosa Álvarez Pedrosa comunica que voluntariamente cede unha porción de terreo para a ampliación do camiño de Hermida a Gontade en Oia. No escrito informa que actúa en representación de don Adelino Hermida Álvarez.

En data 2.10.06 o Xefe de negociado de Vías e obras, informa o seguinte: "(...) Visto o informe do Técnico de Cartografía de data 27 de setembro de 2006, donde reseñase que a cesión efectuada por Doña Rosa Álvarez Pedrosas, para o ensanche e mellora do camiño entre Matoca e hermida foi de 200 m2. Dita cesión será utilizada para o ensanche e mellora do camiño reseñado, e como ven sendo práctica reiterada deste Concello este tipo de actuacións de cesión gratuita de partes de parcela, para os efectos de ensanche de camiños rurais e mellora dos mesmos; que haberán de formalizarse por medio de adquisición da licenza oportuna en suelo de licenza directa ou por medio da tramitación dos correspondentes proxectos de compenseación e de urbanización, en execución das respectivas figuras de desenvolvemento do Plan Xeral, onde ditas cesións son de carácter obrigatorio, debendo recoñecerse os m2 obxecto de autorización a tódolos efectos urbanísticos que puidesen derivarse (sempre estrictamente legais). Todo iso debido á urxente necesidade do ensanche dalgúns camiños e vías públicas nas que se producen toda clase de continxencias e inconvintes polas súas estreitas dimensións e pola imposibilidade mediata de que se desenvolva algunha actividade de xestión ou desenvolvemento urbanístico. De acordo co exposto, por este departamento non existe inconvinte o recoñecemento e aceptación solicitado (...)"

O 13.10.06 o adxunto ó director dos servizos técnicos informa que a parcela que se cede está clasificado como solo urbano dentro do núcleo 12 06 Hermida D, regulado por la ordenanza 1.3.B de vivenda unifamiliar aislada de media densidad.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Facultade da Entidade local para a adquisición de bens inmobles.-* Según o artigo 15 da Lei 33/03, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, as Entidades locais poderán adquirir bens e dereitos por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico.

2.- *Natureza do contrato a subscribir entre o Concello de Vigo e dona Rosa Álvarez Pedrosa e herdeiros de don Adelino Hermida Álvarez.-* O apartado c do artigo 15 da Lei 33/03 prevé a posibilidade de que as Administracións Públicas adquiran bens por donación. O propio regulamento de bens das Corporacións Locais, no artigo 12 prevé a adquisición a título oneroso. O contrato de donación ven disposto nos artigos 618 e seguintes do Código civil, e se define como un acto de liberalidade polo cal a persoa dispoñe gratuitamente dunha cousa a favor de outra que a acepta. Con respecto ó recoñecemento ó donante das condicións urbanísticas é posible é unha práctica habitual no Concello para a adquisición de terreos para a ampliación das rúas. Con ocasión da solicitude de licenza urbanística se deberá achegar copia do acordo que se adopte.

3.- *Necesidade de que a donación sexa formalizada en escritura pública.-* O artigo 633 do Código civil esixe que as donacións de consas inmobles deban facerse en escritura pública, expresándose nela individualizadamente os bens donados e o valor das cargas que deba satisfacerse. Trátase un requisito de carácter ad solemnitatem, así calificado pola Doctrina, en concreto pola STS de 13 de maio de 1963 (RJ 1963/2515), na que se mantén que as donacións de bens inmobles non documentadas en escritura pública son nulas de pleno dereito. Engade dita Xurisprudencia que as donacións non poden prevalecer polo transcurso do tempo, nen poden constituir xusto título para a prescripción adquisitiva, como tampouco a posesión adquirida pola donación non legalmente formalizada pode considerarse posesión a título de dono ós efectos de server de título para adquirir o dominio (447 Cc) ou usucapir (1941 Cc). No mesmo sentido se pronuncia a STS de 25 de xuño de 1966 (RJ 1966, 3550). A mesma deberá ser debidamente inventariada e inscrita no Rexistro da Propiedade. O donante xustifica a súa propiedade por medio dunha copia da escritura pública de manifestación de herencia, non obstante no momento de formalización da donación deberá achegarse maior documentación ou detalle xustificativa da titularidade do inmovible que se cede.

4.- *Órgano competente para a adopción do presente acordo.-* De conformidade co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local. Non obstante, pódese entender delegada a competencia no Consello da XMU naqueles casos que non supere o importe da adquisición o 10% dos recursos ordinarios, tal e como establecen os vixentes estatutos do devandito organismo autónomo. Da enaxenación deberase dar conta ó órgano competente da Xunta de Galicia (artigo 109.1 rd 1372/86).

Polo tanto, tendo en conta os antecedentes e fundamentos xurídicos, se propón ó Consello da XMU o seguinte:

1.- *Aceptar a donación de 200 metros cuadrados sitos no "Camiño de Hermida-Gontade" ofrecido por dona Rosa Álvarez Pedrosa e herdeiros de don Adelino Hermida Álvarez, asumindo a condición imposta no que respecta ó recoñecemento da superficie a efectos de cómputo de edificabilidade. Na formalización da escritura pública se comprobará a representación de dona Rosa Álvarez Pedrosa.*

2.- *Dar conta da presente resolución ó departamento de vías e obras e patrimonio.*

3.- *Formalizar en escritura pública a donación, achegando previamente a documentación aludida no presente informe e descrición detallada da parcela que se cede.*

4.- *Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición perante esta Administración no prazo dun mes, ou contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. No que respecta ós efectos civís do presente acordo, se poderá interpoñer*

reclamación previa perante a presente Administración segundo o artigo 120 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(838).- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE 70 M2 PARA A MELLORA DE ACCESO DO CAMIÑO DA POULEIRA-PEDROS (TEIS). EXPTE. 50319/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 4.05.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O 4.08.06 don José Luis Videira López comunica que voluntariamente cede unha porción de terreo para a ampliación do camiño "Pouleira" e "Pedrosa" . Achega escritura pública de aceptación e adxudicación de herencia de data 16.11.05.

En data 25.09.06 o Xefe de negociado de Vías e obras, informa o seguinte: "(...) Visto o informe do Técnico de Cartografía de data 25 de setembro de 2006, donde reséñase que a cesión efectuada por Don Jose Luis Videira López, para o ensanche e mellora do camiño de Pouleira-Pedrosa <Teis> foi de 70 m2. Dita cesión será utilizada para o ensanche e mellora do camiño reseñado, e como ven sendo práctica reiterada deste Concello este tipo de actuacións de cesión gratuita de partes de parcela, para os efectos de ensanche de camiños rurais e mellora dos mesmos; que haberán de formalizarse por medio de adquisición da licenza oportuna en suelo de licenza directa ou por medio da tramitación dos correspondentes proxectos de compensateación e de urbanización, en execución das respectivas figuras de desenvolvemento do Plan Xeral, onde ditas cesións son de carácter obrigatorio, debendo recoñecerse os m2 obxecto de autorización a tódolos efectos urbanísticos que puidesen derivarse (sempre estrictamente legais). Todo iso debido á urxente necesidade do ensanche dalgúns camiños e vías públicas nas que se producen toda clase de continxencias e inconvintes polas súas estreitas dimensións e pola imposibilidade mediata de que se desenvolva algunha actividade de xestión ou desenvolvemento urbanístico. De acordo co exposto, por este departamento non existe inconvinte o recoñecemento e aceptación solicitado (...)"

O 27.09.06 o adxunto ó director dos servizos técnicos informa que a parcela que se cede está clasificado como solo urbano dentro do PEMIE V-01 Roris sen desenvolver polo momento. Ordenanza 1.3.B de vivenda unifamiliar aillada de media densidade.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Facultade da Entidade local para a adquisición de bens inmobles.- Según o artigo 15 da Lei 33/03, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, as Entidades locais poderán adquirir bens e dereitos por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico.

2.- Natureza do contrato a subscribir entre o Concello de Vigo e don Jose Luis Videira López.- O apartado c do artigo 15 da Lei 33/03 prevé a posibilidade de que as Administracións Públicas adquiran bens por donación. O propio regulamento de bens das Corporacións Locais, no artigo 12 prevé a adquisición a título oneroso. O contrato de donación ven disposto nos artigos 618 e seguintes do Código civil, e se define como un acto de liberalidade polo cal a persoa dispoñe gratuitamente dunha cousa a favor de outra que a acepta. Con respecto ó recoñecemento ó donante das condicións urbanísticas é posible é unha práctica habitual no Concello para a adquisición de terreos para a ampliación das rúas. Con ocasión da solicitude de licenza urbanística se deberá chegar copia do acordo que se adopte.

3.- Necesidade de que a donación sexa formalizada en escritura pública.- O artigo 633 do Código civil esixe que as donacións de consas inmobles deban facerse en escritura pública, expresándose nela individualizadamente os bens donados e o valor das cargas que deba satisfacerse. Trátase un requisito de carácter ad solemnitatem, así calificado pola Doctrina, en concreto pola STS de 13 de maio de 1963 (RJ 1963/2515), na que se mantén que as donacións de bens inmobles non documentadas en escritura pública son nulas de pleno dereito. Engade dita Xurisprudencia que as donacións non poden prevalecer polo transcurso do tempo, nen poden constituir xusto título para a prescripción adquisitiva, como tampouco a posesión adquirida pola donación non legalmente formalizada pode considerarse posesión a título de dono ós efectos de server de título para adquirir o dominio (447 Cc) ou usucapir (1941 Cc). No mesmo sentido se pronuncia a STS de 25 de xuño de 1966 (RJ 1966, 3550). A mesma deberá ser debidamente inventariada e inscrita no Rexistro da Propiedade. O donante xustifica a súa propiedade por medio dunha copia da escritura pública de manifestación de herencia, non obstante no momento de formalización da donación deberá achegarse maior documentación ou detalle xustificativa da titularidade do inmueble que se cede.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local. Non obstante, pódese entender delegada a competencia no Consello da XMU naqueles casos que non supere o importe da adquisición o 10% dos recursos ordinarios, tal e como establecen os vixentes estatutos do devandito organismo autónomo. Da adquisición deberase dar conta ó órgano competente da Xunta de Galicia (artigo 109.1 rd 1372/86).

Polo tanto, tendo en conta os antecedentes e fundamentos xurídicos, se propón ó Consello da XMU o seguinte:

- 1.- Aceptar a donación de 70 metros cuadrados sitos no "Camiño de Pouleira-Pedrosa" ofrecido por don Jose Luis Videira López, asumindo a condición imposta no que respecta ó recoñecemento da superficie a efectos de cómputo de edificabilidade..
- 2.- Dar conta da presente resolución ó departamento de vías e obras e patrimonio.
- 3.- Formalizar en escritura pública a donación, achegando previamente a documentación aludida no presente informe e descripción detallada da parcela que se cede.
- 4.- Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición perante esta Administración no prazo dun mes, ou contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. No que respecta ós efectos civís do presente acordo, se poderá interpoñer reclamación previa perante a presente Administración segundo o artigo 120 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(839).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE 136,35 M2 REALIZADA POR D. OSCAR DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ PARA A AMPLIACIÓN E MELLORA DA RÚA SAN CRISTOBO-CANDEÁN. EXPTE. 48541/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 4.05.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O Consello da Xerencia municipal de urbanismo de 7 de setembro de 2006 acordou o seguinte: "(...) 1.- Aceptar a donación de 136,35 m2 de terreo propiedade de don Oscar Domínguez González para a ampliación e ensanche do camiño de San Critobo-Candeán, con recoñecemento expreso da edificabilidade que xenere a superficie obxecto de donación o cedente (...)".

En data 26.01.07 don Oscar Domínguez González presenta escrito no que se solicita a rectificación do acordo adoptado dado que o propietario do terreo é don José Rodríguez Soto e non don Oscar Domínguez González que actuaba en calidade de presidente da Asociación veciñal cultural e deportiva de Candeán.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Facultade da Entidade local para a rectificación dos erros materiais o de feito nos acordos adoptados.- De acordo co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede a rectificación dos erros materiais ou de feito. Consultado o expediente, efectivamente o donante é don José Rodríguez Soto, polo que procede a súa rectificación.*

2.- *Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local. A mesma estaba delegada no Consello da XMU naqueles casos que non supere o importe da adquisición o 10% dos recursos ordinarios, tal e como establecen os vixentes estatutos do devandito organismo autónomo.*

Polo tanto, tendo en conta os antecedentes e fundamentos xurídicos, se propón á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1.- *Rectificar o acordo do Consello da XMU de 7.09.06 no sentido de rectificar a persoa donante dos 136,35 m2 de terreo a favor do Concello para a ampliación e ensanche do camiño de San Cristobo-Candeán debendo figurar don José Rodríguez Soto.*

2.- *Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición perante esta Administración no prazo dun mes, ou contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. No que respecta ós efectos civís do presente acordo, se poderá interpoñer reclamación previa perante a presente Administración segundo o artigo 120 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(840).- ADHESIÓN Ó MODELO XERAL DE BASES E ESTATUTOS E CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DE PROPIETARIOS DO POLÍGONO 2 DO PERI IV-01 SAN ROQUE. EXPTE. 4726/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 3.05.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión e polo xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O 18.02.07 se presenta escrito (número de doc 70008134) no que textualmente se comunica: “(...) Se solicita la aprobación del acto de adhesión a los estatutos y bases correspondientes a la Junta de Compensación del polígono número 2 del PERI IV-01 San Roque A (...)”. Achegábase copia compulsada de escritura pública de aceptación e protocolización de estatutos e bases de actuación. A escritura é de elaborada ante o Notario don Jose María Rueda Pérez e consta no seu protocolo co número veintidous. Según se deduce d escritura, no acto de adhesión ó modelo xeral interveñen as seguintes persoas:

- Don Manuel Santos Costa (e.r. de “Raminosa S.L.” e dona Carmen Pérez Álvarez, dona Pilar del Carmen Quintela Pérez e don Moisés Enrique Quintela Pérez).
- Don José Antonio Gómez Alén.
- Don Enrique-Carlos Gómez Alén.
- Don Fernando-Luis Gómez Alén.
- Dona Josefa Villar Pazó.

En el expoñendo primeiro da escritura se fai referencia ó seguinte: “(...) Que los aquí presentes y representados reúnen el 75 por ciento de la superficie total de la <Polígono 2 del PERI IV-01 San Roque A>, de Vigo. Me entregan para unir a esta escritura un plano del citado Polígono 2, así como un cuadro indicativo de todas parcelas integrantes de dicho Polígono (...).

El 17.02.07 se presenta otro escrito don Jorge Buján Garrido en nome ou representación da “Xunta de Compensación, polígono 2 del PERI IV-01” no que se comunica o seguinte: “(...) Que se una al expediente, la escritura de constitución de Junta de Compensación del <Polígono 2 del PERI IV-01 San Roque A> formalizada en fecha 01/febrero/07, ante D. Jose A. Somoza Sánchez, Notario del Ilustre Colegio de Notarios de Galicia; todo ello de conformidad a lo normado por el artículo 155.3 de la Louga 9/02, y habiéndose observado asimismo las prescripciones temporales y procedimentales contenidas en el precepto reseñado, en orden a la notificación individualizada de todos los propietarios del ámbito. Se interesa de la Administración actuante, se proceda en legal forma a instruir los trámites administrativos que correspondan así como a la inscripción de la Constituida Junta en el Registro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras (...)”. Achégase co antedito escrito, copia simple de escritura pública outorgada o 1.02.07 de constitución de Xunta de Compensación outorada perante o Notario don José Antonio Somoza Sánchez, constando no seu protocolo co número tres centos vinte e sete.

Consta na escritura que ó acto de constitución asistiron as seguintes persoas:

- Don Luciano Rodríguez Villar (como mandatario verbal da súa esposa dona Cándida Nogueira Meiriño, comprometéndose a que el acto sexa ratificado pola mesma, circunstancia que non consta no expediente).
- Don Arturo Ramírez González (no seu nome e en representación de “Raminosa, S.L.”).
- Don Jose Antonio Gómez Alén.
- Don Enrique Carlos Gómez Alén.
- Don Fernando Luis Gómez Alén.
- Dona Josefa Villar Pazó.
- Don David Román Ramiro (en representación de “Maestros en obras, S.L.”).
- Dona Hortensia Pérez Balbuena.
- Dona María-Josefa Pérez Paz.
- Don Eduardo Pérez Paz.
- Don Manuel Santos Costa.
- Don Jorge Buján Garrido.

Segundo consta na escritura os propietarios adheridos representan unha porcentaxe de 81,98 %. Así mesmo designan o órgano rector do seguinte xeito:

- Presidente: don Arturo Ramírez González.
- Vicepresidente: don Manuel Santos Costa.
- Secretario: don Jorge Buján Garrido.
- Vogal: don Enrique-Carlos Gómez Alén.
- Vogal: representante do Concello de Vigo.

Don Jorge Buján Garrido presenta o 23.03.07 a seguinte documentación: “(...) A.- Topográfico descriptivo de las Parcelas firmado por Técnico competente D. Pablo Saavedra Salgueiro. B.-Notas simples registrales y calificaciones negativas de las mismas expedidas por el Registro de la Propiedad nº1 de Vigo. C.- Escrituras que acreditan la adquisición por parte de Raminosa S.L. en relación a las parcelas allí referenciadas; así como también los Títulos y Escrituras facilitados por la Notaría. D.- Se aportano los Poderes que acreditan la representación existentes. E. Justificación de las notificaciones llevadas a cabo a fin de constituir la Junta de Compensación (...)”.

En data 9.04.07 don Jorge Buján Garrido presenta novo escrito de contestación ó requerimento municipal de subsanación de documentación. Así mesmo se fai constar o seguinte: “(...) Que as parcelas 204 y 215 son propiedad de la empresa Raminosa,S.L. en virtud de título de compra-venta formalizado en Escritura Pública, aportándose con el presente escrito la correspondiente a la Parcela nº 204 de las del PERI, no acompañando la correspondiente a la parcela 215, por encontrarse ésta en poder de la Administración a la que me dirijo. B. Que dichas cuestiones, que puedan suscitarse con ocasión de la ejecución del Planeamiento, encuentran solución debida, en aplicación de lo previsto en la LOUGA, en la Base de actuación nº 6 de las aportadas por el Excmo. Ayuntamiento de Vigo, y publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia en fecha 2 de agosto de 2004, así como el Art. 98 y ss del RGU; pues ha de aplicarse el régimen previsto de indemnizaciones, al no ser compatibles dichas edificaciones con la nueva ordenación (...)”.

FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Aplicación do modelo xeral de estatutos e bases de actuación.- Resulta procedente a aplicación a este polígono do modelo xeral de estatutos e bases de actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004) por canto consta a adhesión fehaciente ó mesmo dos propietarios que representan unha superficie superior ó 70% da total do polígono, tal e como dispón o art. 155.2 Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Consta no expediente escritura pública de adhesión ó modelo xeral de estatutos e bases formalizada o ante o Notario don Jose María Rueda Pérez o 4.01.07 (protocolo número 22) no que se adhiren propietarios que representan unha superficie do 75 % do total do polígono. Do mesmo xeito, de conformidade co preceptuado no art. 156.1 da Lei 9/02 concederáselle ós propietarios non incorporados á Xunta de Compensación o prazo dun mes para adherirse á mesma. No caso de non facelo serán obxecto de expropiación forzosa.

2- Constitución da xunta de compensación.-Procede tamén aproba-la constitución da xunta de compensación, que se efectuou en escritura pública polos propietarios que representan máis dun 50% da superficie do ámbito (escritura pública de 1.02.07, formalizada ante o Notario don Jose Antonio Somoza Sánchez, protocolo número 327), con cumprimento do disposto no art. 155 da Lei 9/02 e preceptos concordantes do vixente regulamento de xestión urbanística, aprobado por real decreto 3.288/78, de 25 de agosto.

3.- Necesidade de práctica da nota marxinal de iniciación do expediente de reparcelación no Rexistro da propiedade.- De acordo co previsto no artigo 5º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico, procede a práctica da nota marxinal de inicio do expediente dende o momento de formalización en escritura pública da constitución da xunta de compensación.

4.- Competencia para a adopción do presente acordo.-É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 124 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo elo, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aplicar á xestión do "polígono II do PERI IV-01 San Roque A" o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004).

SEGUNDO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada por escritura de 1.02.07, ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José Antonio Somoza Sánchez (protocolo número 327). Así mesmo, requirir dos órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do rd 1093/97, de 4 de xullo.

TERCEIRO: Nomear como representante municipal nesa Xunta de compensación ó concelleiro-delegado de urbanismo don José Manuel Figueroa Vila.

CUARTO: Instar da Xunta de Galicia a inscrición da Xunta de compensación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

QUINTO: Requirit os propietarios non incorporados a fin de que no prazo máximo de UN MES, se o consideran oportuno, se adhieran perante notario á Xunta de Compensación, comunicándollo á mesma e a esta Administración municipal nese prazo. No caso contrario poderán ser obxecto de expropiación forzosa.

SEXTO: Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e a tódolos propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(841).- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DE VIGO CORRESPONDENTES A CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA ZONA FRANCA E DEPUTACIÓN PROVINCIAL. EXPTEs. 453 E 455/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 3.05.07, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

En data 31 de xullo de 2006, asinase o Convenio entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenrolo de instervencións urbáns e cesión de viais.

En data 30 de xuño de 2006, asínase o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a Cooperación económica en determinadas actuacións urbáns a realizar na cidade de Vigo.

En data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á empresa Movexvial a Humanización das rúas do entorno de Urzáiz (3 Lotes), desglosados do seguinte xeito:

- *Humanización da rúa Gil, entre Manuel Núñez e Magallanes, cun importe de adxudicación de 106.755,00 euros.*

- Humanización da Rúa Magallanes, cun importe de adxudicación de 315.923,00 euros
- Humanización da Rúa Manuel Nuñez, entre María Berdiales e Urzaiz, cun importe de adxudicación de 502.242,00 euros.

Co obxecto de dar cumprimento aos convenios antes citados, xunto achégase para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local as certificacións correspondente ás seguintes obras:

> Rúa Manuel Nuñez

3ª- Certificación do mes de febreiro/2007 por un importe de.....239.433,14 euros

> Rúa Magallanes

3ª- Certificación do mes de febreiro/2007 por un importe de.....127.576,84 euros

Total..... 367.009,98 Euros

As citadas certificacións coas correspondentes facturas deberán ser remitidas tanto ao Consorcio da Zona Franca como a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para dae cumprimento aos citados convenios.

Tendo en conta o anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar as certificación que a continuación se indican:

- Rúa Manuel Nuñez

3ª- Certificación do mes de febreiro/2007 por un importe total de 239.433,14 euros

- Rúa Magallanes

3ª- Certificación do mes de febreiro/2007 por un importe total de 127.576,84 euros

Total..... 367.009,68 Euros

2.- Remitir as certificacións coas correspondentes facturas a:

2.1.- Consorcio Zona Franca para facer efectivo o seu pago o contratista correspondente.

2.2.- Excm. Deputación de Pontevedra para que procedan, según se indica no convenio, ao reintegro de fondos ao Concello de Vigo por un importe de 606.069,60 euros, (seiscientos seis mil sesenta euros) correspondentes a anualidade do 2006.

2.3.- Intervención de Fondos do Concello de Vigo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(842).- DEVOLUCIÓN DE AVAL DE CAIXANOVA A D. JAVIER FERNÁNDEZ MEIJOMIL, POR OBRAS DE URBANIZACIÓN NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 31957/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Vías e Obras, do 8.05.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

En data 30 de setembro de 1998, D. Javier Fernández Meijomil, solicita devolución de aval bancario emitido pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo, polo importe de 1.317.992 ptas. (Aval presentado no Concello no ano 1980, con ref. E-2241/80 – non presentando o interesado copia do mandamento do ingreso, e manifestando que o Concello recoleu o aval en mán no departamento de Licencias.)

En data 15/02/00, notifícaselle que debe cumprir unha serie de requisitos para a devolución solicitada.

En data 28 de decembro de 2005 o interesado solicita de novo a devolución argumentado haber cumprimentado o interesado polo Concello de Vigo.

En data 12 de Xaneiro de 2006, a Arquitecta Municipal da Xerencia de Urbanismo, remite o expediente a Vías e Obras para tramitación, dado que se tratou dun aval fixado por este departamento para a urbanización da zoa de cesión para vial.

En data 27 de abril de 2007, a Enxeñeira Técnica de Obras Públicas de O.S.P.I.O. informa favorablemente a devolución.

Polo que PROPÓNSE:

Proceder á devolución do aval bancario da Caixa de Aforros de Vigo, hoxe CAIXANOVA, polo importe de 1.317.992 ptas. , a JAVIER FERNÁNDEZ MEIJOMIL, por obras de urbanización da vía pública.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

38(843).- PRÓRROGA DO CONTRATO DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL CONTRATADO COA COMPAÑÍA MAPFRE INDUSTRIAL, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS. EXPTE.18063/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 11.05.07, conformado polo xefe de Área de Contratación e polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

PRÓRROGA DO CONTRATO DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL CONTRATADO COA COMPAÑÍA MAFRE INDUSTRIAL, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS. EXPTE.

A Xunta Local de Goberno en sesión celebrada o 24 de marzo de 2003, acordou adxudicar a “Mafre Industrial, Sociedad Anonima de Seguros.”, o concurso para a contratación de la poliza de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo, de acordo os pregos de cláusulas administrativas e condiciónstécnicas que rexeron a contratación (X.L.G. 8/11/2004) e a oferta presentada.

O contrato de referencia é de natureza privada dos tipificados no art. 5 aptdo. 3º do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, prevendose na cláusula quinta do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación a posibilidade de prorrogas, ata un máximo de catro, coa posibilidade de denuncia a vixencia do mesmo no prazo de dous meses antes do seu vencemento, tal como está previsto na Lei de Contratos de Seguros. Esta prorroga proposta é a ultima prevista para este contrato.

Sendo de interes municipal continuar coa cobertura de seguro de responsabilidade civil concertada, Aón Gil y Carvajal, interesou da Compañía aseguradora, a posibilidade de continuar con dita prorroga, aceptando esta a proposición.

Polo exposto proponse a Xunta Local de Goberno do Concello de Vigo, na súa calidade de órgano de contratación e polo tanto competente para a interpretación dos contratos, a adopción do seguinte A C O R D O

Prorrogar o contrato da poliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial, contratado coa Compañía aseguradora “Mafre Industrial, Sociedad Anonima de Seguros”, ata as vinte e catro horas do día 31 de decembro de 2007, sendo o prezo do contrato neste periodo de prorroga o de 444.958,31 euros (prezo anualidade 2006) mais as modificacións legais que lle sexan de aplicación, motivadas en parte polo importe do presuposto municipal para o ano 2007 e as súas modificacións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(844).- CONTRATACIÓN DO GRUPO DE PASARRÚAS VALENCIA HOT FIVE PARA FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ “IMAXINA SONS’07”. EXPTE.10212/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 25.04.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do grupo de pasarrúas VALENCIA HOT FIVE, entre os días 21 e 24 de xuño, ambos inclusive, por distintas zonas da cidade, dentro do programa do Festival Internacional de Jazz “Imaxina Sons’07”.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 17.168.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., con CIF B-36743755.

4º. - Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
Grupo de pasarrúas VALENCIA HOT FIVE
Festival de Jazz de Vigo “IMAXINA SONS’07”*

En Vigo, o XXXX de XXXXXXXX de 2007

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, en calidade de ADMINISTRADOR ÚNICO e en representación da empresa denominada PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., CIF B-36743755, con domicilio social na cidade de Vigo, rúa Policarpo Sanz, 22, 2º of. 9, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice pasarrúas co grupo VALENCIA HOT FIVE, no sucesivo O ARTISTA, do 21 ao 24 de xuño, ambos inclusive, con tres pases diarios, nos lugares e rúas da cidade de Vigo a determinar polo CONCELLO. O ARTISTA efectuará cada pasarrúas cunha duración mínima de 45 minutos.

Estes pasarrúas inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS’07”, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 14.800.- Euros máis 2.368.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 17.168.-Euros (DEZASETE MIL CENTO SESENTA E OITO), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Producción e Xestión Cultural S.L., que lle será entregado a Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, ou persoa en quen delegue previa comunicación escrita ao CONCELLO, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa

presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO

SEXTA.- Os pasarrúas realizaranse en zonas exentas de tráfico rodado, cun aforo de público indefinido, de acceso libre e gratuíto.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao pasarrúas obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do pasarrúas, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do pasarrúas a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do pasarrúas. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do pasarrúas.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao pasarrúas, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do pasarrúas e nos seus aledaños.

O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'07 está patrocinado a nivel xeral pola entidade FUNDACIÓN CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a S.A. Plan de Xestión do Xacobeo, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o pasarrúas ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do pasarrúas, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO PASARRÚAS

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do pasarrúas, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicable.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do pasarrúas obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do pasarrúas.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso en xeral a aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do pasarrúas.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do pasarrúas, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do pasarrúas desde dez minutos antes do se comezo.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do pasarrúas estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO PASARRÚAS

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, un ou varios dos pasarrúas houberan de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o pasarrúas unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o pasarrúas, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

40(845).- BASES DE PARTICIPACIÓN NO XIII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO 2007”. EXPTE. 2243/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 10.05.07, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 7.05.07, conformado polo concelleiro de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases de participación no XIII Festival Folclórico Internacional “Concello de Vigo” que de seguido se transcribe.

PROPOSTA DE BASES DE PARTICIPACIÓN NO XIII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO ”

1. *A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural vai programar o XIII Festival Folclórico Internacional “Concello de Vigo”, creado co obxecto de fomentar, promocionar e achegar o folclore popular a todas e todos os veciños do termo municipal.*

Por este motivo, ofértase un espectáculo folclórico a cinco escenarios ou recintos de actuación para acoller a presente edición do festival, concretamente os días 13, 15, 17, 18 e 19 de xullo.

2. *Poderán inscribirse todas aquelas entidades ou asociacións de carácter socio-cultural de Vigo que estean interesadas en acoller un destes espectáculos.*
3. *A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; o prazo será dende o 1 de xuño ata as 13,00 horas do 9 de xuño ambos inclusive.*

De houber máis solicitudes que cumpran os requisitos previstos nestas bases, que espectáculos ofertados (un total de cinco), a admisión realizarase segundo a seguinte orde de preferencia:

- a) Aquelas entidades que solicitaron a súa participación na edición anterior (ano 2006) e quedaron como suplentes, e non recibiron o festival. Non se entenderá como tal, aquelas entidades que renunciasen a albergar o festival, calquera que sexa a causa da renuncia. En caso de haber máis solicitudes que cumpran este requisito que os cinco espectáculos ofertados, realizarase un sorteo puro entre elas.*
- b) De haber vacantes, aquelas entidades que non solicitaron a súa participación na edición anterior do festival (ano 2006). En caso de haber máis solicitudes que cumpran este requisito que os espectáculos ofertados, realizarase un sorteo puro entre elas.*
- c) De seguir habendo vacantes, realizarase un sorteo público entre os restantes solicitantes para decidir as entidades beneficiarias.*

Estes sorteos terán lugar o día 13 de xuño na Casa do Concello, a partir das 12'00 horas, e servirán para decidir a orde dos suplentes, de ser o caso.

Tamén, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir cal entraría no sorteo definitivo.

- 4. En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado polo Concello de Vigo poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola mesma entidade ou asociación beneficiaria; así mesmo, non poderá aparecer publicitado en relación con outros espectáculos ou actividades.*
- 5. As condicións que imprescindiblemente deberá reunir o recinto de actuación de cada entidade ou asociación serán as seguintes:*
 - a) Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m de largo x 1 m de alto.*
 - b) Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 “wattios”.*
 - c) Cadeiras necesarias segundo a súa capacidade. Neste apartado hai que subliñar que dende a Concellaría de Festas xa non existe o préstamo de cadeiras.*
 - d) Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potabel, perchas, espellos e cadeiras.*

En caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola entidade ou asociación posteriormente á realización da inscrición (palco, camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de “Observacións” do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar para tal efecto (por exemplo: solicitude do enganche oficial, alugueiro de escenario ou camerinos eventuais, etc.). A presentación da solicitude de participación supón o compromiso da entidade de cumprir con todas estas necesidades e requisitos.

6. *Membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Festas a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas recomendábeis. Neste caso, tras a resolución do concelleiro, o festival pasaría ao primeiro dos suplentes e así sucesivamente.*
7. *O Concello de Vigo achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:*
 - a) *Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.*
 - b) *Tres grupos folclóricos.*
 - c) *Elementos publicitarios (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.*
 - d) *Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.*
8. *A entidade ou asociación beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Concellaría de Festas e a comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitude de inscrición.*
9. *A hora de comezo de todos os festivais será ás 21'30 horas, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.*
10. *Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore, preferentemente galego, que disporán dun tempo máximo de actuación de vinte minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Concellaría de Festas antes do día 18 de xuño, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.*

A data de realización de cada un dos cinco espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Concellaría de Festas e pola comisión organizadora do festival, ou, se así o decidisen, mediante un sorteo público en data e hora que determinará no seu momento e que se lles comunicaría ós/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos modos, na solicitude de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.

Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria, coa colaboración da comisión organizadora, deberá cubrir unha ficha que lle será facilitada e que incluírá datos e incidencias acerca do espectáculo.
13. *En caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.*

14. *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.*

41(846).- SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS. EXPTE. 10251/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 25.04.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e o concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

O Concello de Vigo, a través do departamento municipal de Cultura, ven programando dende febreiro de 2005 como membro activo da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), programación baseada no ciclo “CON T DE TEATRO”, dirixido a público familiar, cun claro obxectivo da captación e formación de novos públicos; este programa está a funcionar con periodicidade aproximada de dous sábados mensuais, ás 18,00 horas, no auditorio municipal, de febreiro a xuño e de outubro a decembro.

O organismo encargado da xestión desta rede, o IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) comunicou o pasado mes de decembro a “Resolución de data 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios”, publicada no Diario Oficial de Galicia de data 30 de novembro de 2006, que se acompaña no expediente. Nesta resolución establécese que as entidades interesadas, aínda que xa formaran parte anteriormente desta rede, deberían solicitar de novo a súa incorporación, aportando unha serie de documentación complementaria.

Enviada esta documentación con data 26 de febreiro, o IGAEM reclama con data 23 de abril que debemos enviar a seguinte documentación complementaria:

- *Documentación acreditativa da disposición dun espazo escénico axeitado e susceptible de servir á programación da RGTA.
Consultado co propio Igaem, comunican que precisan simplemente acreditar que o Concello conta cun espazo de propiedade municipal onde realizar a programación; neste caso sería o auditorio municipal.*
- *Acordo do Pleno ou da Comisión de Goberno (no suposto de entidades locais), ou ben acordo do órgano de goberno ou de administración (para o caso de outros entes xurídico-privados), de solicitude de incorporación e do compromiso de asumir e respectar as condicións polas que se regula a RGTA, de acordo co estipulado na súa normativa de aplicación e nesta resolución.*
- *Certificado do secretario do Concello, ou de persoa con capacidade legal para actuar en nome da entidade, acreditativa do cumprimento do Regulamento xeral de Policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, aprobado polo Real decreto 2816/1982 de 27 de agosto, así como da restante normativa legal e vixente en materia de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos; de protección contra incendios, accesibilidade e barreiras arquitectónicas e calquera outra normativa xeral e pertinente de aplicación..”*

Neste intres existe un expediente de gasto menor por parte do sector de servizos xerais (expte 12095/444, achégase copia), xa informado pola Intervención de Fondos, para solventar unha serie de deficiencias detectadas polo arquitecto municipal, según informe de data 27 de febreiro (achégase copia). Cando estean feitas estas obras, poderase tramitar a certificación solicitada polo Igaem.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro da Área de Asuntos Sociais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

1.- Que se solicite a incorporación do Concello de Vigo á Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), xestionada polo IGAEM, co compromiso de asumir e respetar as condicións establecidas pola Resolución, de data 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da RGTA.

2.- Que se propoña o “auditorio municipal”, situado na Casa do Concello (Praza do Rei, 1), de titularidade municipal, como espazo escénico axeitado e susceptible da programación dentro da RGTA.

3.- Que a programación do Concello de Vigo dentro da RGTA sexa xestionada polo departamento municipal de Cultura, e se nomee aos técnico de actividades culturais, Jesús López Moure, como representante municipal ante a RGTA.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade do precedente informe, acorda:

1º.- Solicitar a incorporación do Concello de Vigo á Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), xestionada polo IGAEM, co compromiso de asumir e respetar as condicións establecidas pola Resolución, de data 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da RGTA.

2º.- Propor o “auditorio municipal”, situado na Casa do Concello (Praza do Rei, 1), de titularidade municipal, como espazo escénico axeitado e susceptible da programación dentro da RGTA.

3º.- Que a programación do Concello de Vigo dentro da RGTA sexa xestionada polo departamento municipal de Cultura, e se nomee aos técnico de actividades culturais, Jesús López Moure, como representante municipal ante a RGTA.

42(847).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DANIEL FLORS (GROUP THERAPY) PARA FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ “IMAXINA SONS’ 07”. EXPTE. 10210/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 25.04.07, conformado polo xefe do departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de DANIEL FLORS [GROUP THERAPY], o día 29 de xuño, ás 21,00 horas, no auditorio do Concello , dentro do programa do *Festival Internacional de Jazz “Imaxina Sons’07”*.

2º. Facultar ó concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º. Autorizar un gasto por un importe total de 20.648.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., con CIF B-36743755.

4º. Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
DANI FLORS [GROUP THERAPY]
Festival de Jazz de Vigo “IMAXINA SONS’07”*

En Vigo, o XXXX de XXXXXXXX de 2007

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, en calidade de ADMINISTRADOR ÚNICO e en representación da empresa denominada PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., CIF B-36743755, con domicilio social na cidade de Vigo, rúa Policarpo Sanz, 22, 2º of. 9, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do grupo DANI FLORS [GROUP THERAPY] presenta “ATONALLY YOURS”, no sucesivo O ARTISTA, o venres 29 xuño de 2007, ás 21,00 horas, no recinto denominado auditorio do Concello situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos e máxima de 120 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS’07”, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 17.800.- Euros máis 2.848.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 20.648.-Euros (VINTE MIL SEISCENTOS CORENTA E OITO), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Producción e Xestión Cultural S.L., que lle será entregado a Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, ou persoa en quen delegue previa comunicación escrita ao CONCELLO, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O CONCELLO porá á venda un aforo de 298 butacas, a un prezo unitario de 3.-€ e será o total beneficiario da recaudación; así mesmo, entregará 10 invitacións á AXENCIA.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledáños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'07 está patrocinado a nivel xeral pola entidade FUNDACIÓN CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a S.A. de Xestión do Plan do Xacobeo, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que poideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as tres horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

1. INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condición s de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará os seus propios elementos de escenario, equipos de son e iluminación

1.4 RECINTO E INSTALACIÓN S.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalación s e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalación s eléctricas para a celebración do concerto serán a cargo do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Descrición.- Unha toma de corrente cun cadro interruptor con diferencial e todas as protección s regulamentarias, tres fases (380 voltios), neutro e toma de terra (en tomas embornadas), para unha potencia de 70.000 watos.

Situación.- A toma estará a pé de escenario.

As instalación es eléctricas do lugar do concerto axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

3. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun local a modo de camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos , luz eléctrica, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estos llo requiran.

4. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o catering, que de forma xeral consistirá en: auga mineral, refrescos, bocadillos variados, frutos secos, café e tés.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

5. VEHÍCULOS.

O CONCELLO facilitará o acceso dos vehículos que transporten o equipo do ARTISTA até o escenario a fin de poder cargalo e decargalo. Finalizados os traballos de carga e descarga, A AXENCIA deberá retirar os vehículos.

6. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

7. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

7.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

7.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de CATRO persoas para tarefas de carga e descarga dos equipos; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo; o persoal volverá a estar dispoñible inmediatamente despois da finalización do concerto para a carga.

7.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

7.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

En todo momento á zona de backstage só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de comezo da actuación, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes do comezo da actuación.

9. ACTUACIÓN E ENSAIO.

9.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

9.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación de 16 a 18 horas, ou no horario que determine o CONCELLO.

9.3. HORARIO.

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público, momento no que entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

10. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

43(848).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

D^a. Lucía Molaes Pérez